

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE MAIO DE

2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de maio de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Fernanda Montero Carré, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora do servizo da Rede de bibliotecas municipais do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Cultura e Turismo do día 22 de maio de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Seguridade Cidadá, Mobilidade, Cultura e Turismo do día 27 de maio de 2014.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro do PP, explica que actualmente existen en Cambre tres bibliotecas, con máis de 5000, case 6000 socios, unha media de 150 socios mensuais novos. As bibliotecas de Cambre van cumprir este ano 30, 15 e 10 anos respectivamente e quere dicir con isto que as bibliotecas funcionan ao máximo.

O motivo desta ordenanza é a necesidade coa que se atopan á hora de regular tanto o préstamo para exterior, como a actividade interna das bibliotecas. Tanto as auxiliares como el mesmo déronse conta de que facía falta un instrumento ao que agarrarse se tiñan un problema á hora das devolucións ou calquera problema interno que se puideran atopar. Ese é o motivo da ordenanza.

Conclúe dicindo que tiñan as achegas que fixeron todos os grupos e, máis ou menos, recolleron todas, algunha non, pero si a maioría.

Concedida a palabra a dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que o voto do seu grupo vai ser favorable, igual que nas comisións, xa que as diferentes achegas dos grupos da oposición foron tidas en conta e se valoraron, polo tanto, o voto do grupo socialista vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que o seu grupo vai cambiar o voto da comisión e van votar a prol. Ademais, queren agradecerlle ao concelleiro de Cultura a súa disposición para chegar a acordos nesta ordenanza. Dálle as grazas e reitera que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Santiago Manuel Ríos Rama agradécelle a súa intervención e manifesta que tamén quere dicir que grazas ás achegas de UxC en canto aos e-books, que era unha cousa da que non tiñan en principio previsto facer préstamo porque pensaban que a xente non ía solicitalos, déronlle outra volta ao tema e tamén os incluíron na ordenanza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu grupo, tendo en conta a información e as aclaracións feitas polo coordinador de Cultura e polo propio concelleiro responsable, que estimaron as alegacións realizadas por EU, van manter o voto das comisións e van votar a prol, convencidos de que as bibliotecas de Cambre deben estar reguladas, por beneficio dos propios usuarios e tamén do propio persoal que realiza o seus traballos nesas dependencias.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo van manter o voto das comisións e van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que vai manter o voto a prol da comisión.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e os dous concelleiros do GM (PdeC e PGD).

A Corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que compoñen a Corporación, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a Ordenanza reguladora do servizo da Rede de bibliotecas públicas municipais, tal e como se transcribe a continuación:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A presente ordenanza axústase ao disposto na Resolución do Parlamento Europeo sobre o papel das bibliotecas na sociedade moderna e no Manifesto da UNESCO en favor das bibliotecas públicas.

O Manifesto da UNESCO supón a biblioteca pública como paso obrigado do coñecemento e constitúe un requisito básico da educación permanente, as decisións autónomas e o progreso cultural da persoa e dos grupos sociais.

Este Manifesto proclama a fe da UNESCO na biblioteca pública como forza viva de educación, cultura e información e como axente esencial de fomento da paz e os valores espirituais na mente do ser humano.

Así pois, a UNESCO alenta ás autoridades nacionais e locais a que apoiem as bibliotecas públicas e participen activamente no seu desenvolvemento.

A Constitución española establece, no artigo 44.1, que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Neste punto as bibliotecas públicas constitúen un medio fundamental para o seu cumprimento, pois teñen como obxectivo facilitar o acceso á información e á cultura a todos os cidadáns.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 32 que lle corresponde á Comunidade Autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego, e no 27.18 atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva sobre as bibliotecas de interese para a Comunidade, e que non sexan de titularidade estatal, e en prexuízo do disposto no artigo 149.1.28 da Constitución.

A biblioteca pública é un servizo de existencia obrigatoria para os concellos con poboación superior a 5000 habitantes, segundo o artigo 26.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL).

Ademais, segundo o artigo 81.a, parágrafo segundo, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG), os concellos que contén un núcleo urbano con poboación superior aos 1000 habitantes prestarán o servizo de biblioteca pública.

A competencia municipal respecto da promoción da cultura e equipamentos culturais está recoñecida no artigo 25.2 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LBRL) e respecto das actividades e instalacións culturais, segundo o artigo 80.2 n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).

A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia, no artigo 13.1, considera as bibliotecas públicas como centros esenciais de información e axentes culturais activos, garantes do acceso igualitario e democrático á cultura.

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, no artigo 19 define a biblioteca pública nos seguintes termos: A biblioteca pública é un servizo público básico que ten como finalidade ofrecerlle á cidadanía, en condicións de igualdade, gratuidade e continuidade, o acceso a un conxunto organizado de fondos bibliográficos e recursos informativos que posibilitan a información, a educación e a cultura.

A citada Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, no seu artigo 15.1, sinala que os municipios de máis de 20000 habitantes, como é o caso do Concello de Cambre, a 1 de xaneiro de 2013, deberán prestar servizo de biblioteca de xeito descentralizado, a través dunha biblioteca central municipal, dunha biblioteca de proximidade ou dos servizos bibliotecarios móbiles.

Co fin de garantir o exercicio destes dereitos cidadáns, así como de establecer as normas de servizo da Rede de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Cambre, preséntase para a súa aprobación a presente ordenanza.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Definición

1.1 – A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, no seu artigo 3.6, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias.

1.2 – A Rede de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Cambre constitúe un servizo de biblioteca pública de titularidade municipal, e de carácter obrigatorio que se presta nos termos e condicións establecidas pola lexislación vixente.

1.3 – A súa xestión pertence ao Concello de Cambre, a través da Concellería de Cultura, así mesmo na medida e forma establecida pola lexislación vixente.

Artigo 2. Órganos e centros

2.1 – A Rede de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Cambre está constituída por tres bibliotecas:

- Biblioteca Central, sita en R/ Samosteiro, 4-B, 15660, Cambre
- Biblioteca Municipal Os Templarios, sita en Paseo dos Templarios, 9-A, O Temple
- Biblioteca Municipal Xabier P. Docampo, sita en R/ Río Gándara, 6, baixo esq. Urb. A Barcala.

Sen prexuízo de que se poidan ir engadindo outras bibliotecas.

2.2 – As tres bibliotecas públicas municipais do Concello de Cambre están inscritas no Rexistro de Bibliotecas de Galicia e están integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, nas seguintes datas:

A Biblioteca Central, o 07 de marzo de 1997.

A Biblioteca Municipal Os Templarios (creada como biblioteca municipal auxiliar A Barcala) o 07 de marzo de 1997.

A Biblioteca Municipal Xabier P. Docampo, o 17 de xaneiro de 2000.

Artigo 3. Finalidade

A Rede de Bibliotecas Públicas Municipais (en adiante RBPM) do Concello de Cambre ten como misión prestar a todos os cidadáns o servizo de biblioteca pública nos termos e coas condicións que se establecen na Lei de bibliotecas de Galicia e a normativa que desenvolverá a mencionada lei.

Artigo 4. Funcións

Son funcións da RBPM as seguintes:

a) Poñer a disposición da cidadanía os seus fondos bibliográficos, audiovisuais e recursos informativos de maneira libre e gratuíta, mediante a súa consulta en sala, ou mediante o seu préstamo. Por razóns de seguridade e conservación debidamente motivadas, poderá limitarse o acceso a unha parte deses fondos.

b) Prestar os servizos básicos definidos como tales nos estándares internacionais e estatais en materia de bibliotecas. Non obstante, os servizos bibliotecarios que impliquen un custo singularizado, tales como a reprografía, ou reproducións a través de impresora, serán obxecto de prezo público nos termos previstos regulamentariamente nas ordenanzas municipais do Concello de Cambre.

c) Atender as específicas necesidades culturais das persoas e dos grupos nos que se integren e promover a diversidade cultural e a atención ás variables de idade, sexo e discapacidade.

d) Prestar un apoio activo específico á cultura e a lingua propias de Galicia.

e) Desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

f) Recoller, manter e difundir unha colección de interese local e apoiar a creación cultural no territorio de Cambre.

g) Contribuír á creación dun espazo público de debate e educación social que posibilite a normal expresión das liberdades públicas e dos dereitos fundamentais das persoas.

h) Colaborar na elaboración e actualización permanente do Catálogo colectivo do patrimonio bibliográfico de Galicia, a través do programa de xestión bibliotecaria da Rede de Bibliotecas de Galicia, así como doutros posibles instrumentos de acceso común á información bibliográfica ou de acceso ao documento.

i) A Biblioteca Central de Cambre deberá dirixir, coordinar, xestionar, planificar, organizar e controlar as tres bibliotecas, así como as actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

CAPITULO II : ORGANIZACIÓN E SERVIZOS

Artigo 5. Constitución dos fondos da RBPM

5.1 – Constitúen os fondos bibliográficos das bibliotecas o patrimonio bibliográfico e os demais materiais culturais adscritos ao servizo público bibliotecario.

5.2 – A adquisición de obras e demais material cultural para a consulta e o préstamo obedecerá a criterios profesionais, de fomento da diversidade cultural e de satisfacción das demandas das persoas usuarias (art. 22.2, da Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia).

5.3 – O fondo da RBPM de Cambre está constituído por:

a) As coleccións e fondos adquiridos polas propias bibliotecas, con cargo ao orzamento municipal.

b) As dotacións e envíos da Xunta de Galicia a través das súas consellerías, con especial procedencia daquela da que dependa a Rede de Bibliotecas de Galicia.

c) As doazóns e achegas doutras entidades, organismos, institucións e persoas físicas.

5.4 – As bibliotecas poden aceptar doazóns de documentos coa condición de que o destino que se lles dea poda ser moi diverso, axustándose aos criterios técnicos da persoa que exerza a xestión das bibliotecas, tendo en conta o seu contido e a poboación á que van dirixidos. Os documentos recibidos a través de doazón particular serán incorporados ao fondo da biblioteca segundo os criterios técnicos do persoal encargado, polo que aqueles estragados ou de

contido obsoleto, destinaranse a reciclado de papel. En contadas ocasións a conservación do fondo será indefinida.

5.5 – As bibliotecas poden admitir en depósito fondos, calquera que sexa a súa titularidade. Para estes efectos, tramitarase o correspondente contrato de depósito conforme á normativa aplicable.

Artigo 6. Réxime económico

O mantemento da RBPM queda garantido por:

- a) O orzamento anual do concello, debendo consignar as partidas específicas.
- b) As achegas que ingresen por subvencións ou doazóns doutras administracións, entidades ou organismos, herdanzas, legados e doazóns de persoas físicas ou xurídicas, se as houbera.

Artigo 7. Organización e dirección

As bibliotecas que integran a Rede deberán contar co persoal suficiente e coa cualificación, nivel técnico e capacidade adecuadas que esixen as funcións que teñen asignadas e os regulamentos correspondentes. Os estándares de persoal serán fixados polo Mapa de bibliotecas públicas de Galicia. Estas funcións estarán sometidas ao Regulamento do persoal traballador do Concello de Cambre.

Artigo 8. Horario

8.1 – O horario de atención ao público será de 35 horas semanais como mínimo, durante o curso escolar. Nas vacacións escolares será dun mínimo de 20 horas semanais.

8.2 – Non se realizarán fotocopias ou copias a través de impresoras, nos 15 minutos antes do horario de peche de cada biblioteca.

8.3 – O horario de utilización da sala, aparellos ou servizo de materiais audiovisuais, sonoros, informáticos e Internet, abrirase 15 minutos despois do horario de apertura da biblioteca e pecharase tamén 15 minutos antes do horario de peche.

8.4 – O préstamo e as devolucións nos mostradores de cada biblioteca, realizarase ata 15 minutos antes do peche da sala.

O horario figurará en lugar visible na entrada das bibliotecas e distribuirase de acordo ao aprobado polo órgano municipal competente.

8.5 – Estableceranse horarios diferentes para períodos vacacionais (época estival, Nadal, Semana Santa, Entroido e outros) e períodos coincidentes co desenvolvemento de curso escolar.

8.6 – O peche das bibliotecas a causa de festivos e/ou outras causas que puideran acontecer anunciarase mediante carteis fixados na porta de entrada do edificio, web do concello, paneis luminosos, así como outros medios de información dos que dispón o concello, cun mínimo de 24 horas de anticipación.

8.7 – En función de necesidades sociais e do persoal dispoñible poderase modificar o horario de todos ou dalgúns dos servizos ao público.

Artigo 9. Servizos

As bibliotecas da RBPM prestarán, polo menos, os seguintes servizos:

- Información bibliográfica
- Lectura e consulta en sala
- Préstamo a domicilio
- Sección infantil e xuvenil
- Hemeroteca
- Sección de materiais non libraríos
- WIFI en todas as salas
- Acceso a internet
- Reprografía
- Sección local
- Listas de espera para todos os documentos bibliográficos.
- Varios exemplares de todos os libros de lectura obrigatoria dos centros de ensino público de Cambre
- Desideratas
- Actividades culturais e de animación á lectura

CAPÍTULO III. USUARIOS E NORMAS DE USO

Artigo 10. Acceso ás bibliotecas da Rede

10.1 – Todas as persoas teñen recoñecido o dereito a accederen en condicións de igualdade e sen discriminación ás dependencias das bibliotecas municipais e a obter información sobre os seus servizos e sobre os procedementos de utilización.

10.2 – O acceso ás dependencias públicas da RBPM será libre, gratuíto e non requirirá acreditación de identidade, excepto para o servizo de préstamo, utilización das terminais informáticas, así como formar parte dos clubs de lectura, e todas as demais actividades de fomento do libro e da lectura, para as que a biblioteca expedirá o correspondente carné de lector/a.

10.3 – Os usuarios teñen dereito á privacidade e á confidencialidade da información que buscan ou reciben, así como dos recursos que consultan, toman en préstamo, adquiren ou transmiten, protexendo os seus datos persoais nos termos establecidos no ordenamento xurídico (Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal).

10.4 – Permitirase a entrada con materiais informáticos ou de escritura propios, tales como ordenadores portátiles, ou outros dispositivos móbiles, pero non escáneres particulares e outros aparellos de reprodución. Os teléfonos móbiles deberán estar en silencio no interior da biblioteca.

10.5 – Só está permitida a entrada de animais en caso de acompañaren a invidentes.

10.6 – Non se permitirá introducir ou consumir comida, nin permanecer nas salas cunha finalidade distinta á fixada para cada espazo, así como alterar a orde ou o silencio, marcar ou danar bens mobles ou inmobles.

10.7 – Tampouco se consentirá subliñar, escribir, dobrar, raspar ou mutilar o fondo documental bibliotecario, é dicir, tanto o material bibliográfico, audiovisual, sonoro, informático ou calquera outro.

10.8 – Os postos de lectura, como norma xeral, resérvanse para consulta, lectura, utilización do fondo bibliográfico das bibliotecas e uso de portátiles.

Artigo 11. Acceso aos fondos

11.1 – Os fondos da biblioteca son de libre acceso, salvo os libros asinados, polo que o usuario accede a eles directamente, sen necesidade de solicitalos. Os fondos que están en acceso pechado deberán solicitalos no mostrador de préstamo, onde haberá de deixar depositado o carné de lector/a e o seu DNI, ou similar, ata que devolva no mesmo mostrador, os documentos solicitados.

11.2 – Non hai límite no número de obras de acceso directo que poden consultarse simultaneamente en sala, a excepción da prensa do día, da que só se poderá ter un exemplar por lector.

11.3 – As únicas restricións en razón da seguridade e conservación realizaranse en función do carácter patrimonial ou especial de certos documentos, se os houbera, non obstante será posible o seu uso na sala, con fins de investigación.

11.4 – En cada biblioteca hai terminais informáticas de servizo exclusivo opac, onde cada usuario/a pode consultar os fondos das bibliotecas da RBPM de Cambre e da Rede de Bibliotecas de Galicia.

11.5 – Calquera lector/a pode propoñer á BPM a través das desideratas, a adquisición de libros ou outros fondos que considere necesarios. Estes serán considerados en base a súa calidade, vixencia, necesidades, tipo de biblioteca ou orzamento.

11.6 – O/a usuario/a responsabilízase a respectar a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual.

Artigo 12. Servizo de información bibliográfica

12.1 – As bibliotecas da Rede ofrecerán un servizo de información tanto bibliográfica como do uso e utilización dos distintos servizos e salas.

12.2 – O persoal de cada centro estará a disposición dos/as usuarios/as para informarlles e facilitar o uso da colección.

12.3 – Os usuarios poderán dirixirse en calquera momento ao persoal da biblioteca para solicitar axuda na busca de información.

12.4 – No caso de que algunha das bibliotecas non posúa ou non poida dar a información solicitada, deberá remitir ao solicitante á biblioteca da RBPM que saiba ou poida dar esa información.

Se a información non se pode subministrar de inmediato, realizarase a través do medio pertinente segundo a solicitude.

Artigo 13. Servizo de préstamo

13.1 – Para acceder ao servizo de préstamo é necesario que o usuario posúa a tarxeta de lector/a, que é gratuíta, intransferible e válida para todas as bibliotecas municipais de Cambre.

13.2 – Serán obxecto de préstamo todos os documentos que forman parte do catálogo da biblioteca, excepto os que se enumeran a continuación:

- a) Os manuscritos, incunables, raros e preciosos, se os houbera.
- b) O fondo anterior a 1958, se o houbera.
- c) Os exemplares descatalogados, se hai un só exemplar, e así o considera a bibliotecaria.
- d) Os doados á RBPM coa condición expresa de non ser obxecto de préstamo.
- e) As enciclopedias, dicionarios, atlas, e, en xeral, aquelas obras de referencia que formen parte dunha colección ou as que polas súas características especiais, determine a dirección da biblioteca.
- f) Os que teñan carácter de únicos pola singularidade da súa encadernación, por teren dedicatorias manuscritas, ilustracións orixinais, notas, ou comentarios manuscritos de persoas relevantes.

13.3 – Realízanse tres tipos de préstamo:

- a) Individual, efectuado a persoas físicas.
- b) Interbibliotecario, realizado entre bibliotecas.
- c) Colectivo, consistente en lotes de libros e dirixido a centros de ensino, profesorado, institucións, organismos, asociacións ou outro tipo de colectivos.

13.4 – Préstamo individual ou persoal:

13.4.1 – Da sección de adultos, cada usuario/a poderá levar en préstamo ao seu domicilio un máximo de 5 documentos de cada biblioteca: 1 de material audiovisual, 1 publicación periódica, 2 libros e 1 dispositivo de lectura móbil.

Da sección infantil, poderá levar en préstamo un máximo de 5 documentos de cada biblioteca: 1 de material audiovisual, 1 publicación periódica e 3 libros.

O préstamo de determinadas publicacións periódicas, realizarase aténdose ao artigo 19.4 desta ordenanza.

13.4.2 – O prazo de préstamo para os libros e dispositivos de lectura móbil é de 15 días, renovables por outros 15, sempre que non estean reservados por outro usuario.

13.4.3 – O prazo de préstamo para os materiais audiovisuais, sonoros, ou informáticos será dunha semana, tamén renovable polo mesmo tempo, se non hai lista de espera.

13.4.4 – O préstamo de publicacións periódicas será por unha semana e non renovable.

13.4.5 – O préstamo de lectores de libro electrónico, ordenadores portátiles e outros dispositivos móbiles en sala, se os houbera, trátase no artigo 17 desta ordenanza.

13.4.6 – O préstamo poderase renovar, sempre que o documento non estea nas listas de espera, por un período idéntico ao do inicio, e ata un máximo de dúas renovacións por documento, agás as publicacións periódicas. A renovación pode facerse por teléfono, de maneira presencial, ou correo electrónico, indicando o nome e nº de socio e o nº de rexistro do documento.

13.4.7 – O prazo de préstamo conta a partir do día seguinte ao que se efectuou o préstamo. Transcorrido o tempo estipulado procederase á reclamación dos fondos prestados.

13.5 – Préstamo interbibliotecario:

A RBPM queda autorizada a establecer, en reciprocidade, acordos con outras bibliotecas para o préstamo interbibliotecario.

13.6 – Préstamo colectivo:

13.6.1 – Así mesmo a RBPM queda autorizada para realizar préstamos colectivos a centros de ensino, institucións, asociacións e outros grupos de persoas que así o soliciten, habendo de nomear por parte dos solicitantes, unha persoa responsable.

13.6.2 – Para os centros de ensino e institucións, o número de fondos e o tempo de préstamo será a convir entre o/a bibliotecario/a e os solicitantes, dependendo das necesidades de uso e do tipo de fondos solicitados.

13.6.3 – No caso de asociacións e outros grupos de persoas, o préstamo non excederá dun máximo de 30 exemplares e 30 días de préstamo, renovable por 15 días máis, sempre que a renovación se solicite dentro do prazo inicial e non exista reserva sobre o devandito material. Transcorrido o tempo estipulado, procederase á reclamación dos fondos prestados.

13.7 – O/a usuario/a deberá comunicar ao persoal da biblioteca calquera anomalía ou deficiencia que poida existir nos fondos obxecto de préstamo.

13.8 – Se determinado fondo bibliográfico se necesita para actividades culturais ou de animación á lectura, estes non poderán prestarse durante ese período de tempo.

Artigo 14. Carné de lector/a

14.1 – O carné de lector pode ser Individual e de Préstamo Colectivo.

14.2 – Carné de lector individual:

14.2.1 – Para a obtención dos préstamos individuais, acceder ás terminais informáticas, formar parte dos clubs de lectura, e asistir a todas as actividades programadas fóra do horario escolar, é preciso posuír o carné ou tarxeta de lector/a da RBPM.

14.2.2 – O carné de lector/a é gratuíto e válido para as tres bibliotecas.

14.2.3 – O carné de lector/a é persoal polo que só se realizarán préstamos aos/ás propios/as lectores/as que figuren no carné de lector/a, sendo intransferible para cada individuo coa excepción dos pais ou titores de menores de 16 anos que poderán retirar os diferentes documentos cos carnés dos seus fillos. O carné deberá ser mostrado ao persoal da biblioteca, para utilizar o servizo de préstamo e acceso aos equipos informáticos.

14.2.4 – Para a súa obtención só será preciso cumprimentar unha solicitude onde figuran os datos persoais, e presentar o DNI ou documento equivalente (se é que a persoa está obrigada a telo), do que se realizará unha fotocopia, na propia biblioteca.

Os menores de 16 anos han de ser autorizados por unha persoa adulta (pai, nai, titor/a)

14.2.5 – Os/as usuarios/as comprométense a notificar os cambios de identidade, enderezo ou teléfonos que poidan ter dende o momento de faceren o carné de lector.

14.2.6 – O carné só se cambiará en caso de deterioración ou perda, neste último caso, haberá de cumprimentarse unha nova solicitude.

14.3 – Carné de préstamo colectivo:

14.3.1 – Está dirixido a institucións, entidades ou asociacións que desexen ser beneficiarias desta modalidade especial de préstamo.

14.3.2 – Para a obtención do carné de préstamo colectivo ha de cubrirse a solicitude que cada biblioteca dispón para tal efecto.

14.3.3 – No caso de asociacións, a solicitude deberá ser asinada polo presidente/a da asociación, que será ademais quen designe a persoa autorizada a retirar as obras en préstamo.

14.3.4 – Realizarase unha soa solicitude por cada colectivo, a excepción dos centros de ensino público do Concello de Cambre, que poderán solicitar o carné de préstamo colectivo por cada aula de ensino, facéndose responsable nese caso un profesor ou titor dela.

14.4 – O carné de lector, en calquera das modalidades, poderá ser bloqueado por incumprimento das normativas de préstamo da RBPM de Cambre.

Artigo 15. Servizo de reprografía

15.1 – Realizarase un máximo de 35 fotocopias ou documentos de impresora, por persoa e día.

15.2 – O custo por impresión acollerase ao estipulado nas ordenanzas fiscais do Concello de Cambre, en vigor nese momento.

15.3 – Non estará permitido fotocopiar material alleo á biblioteca.

15.4 – Non se permitirá fotocopiar libros ou revistas completamente.

A biblioteca municipal está sometida á lexislación vixente en materia de propiedade intelectual que, aínda recoñecendo a necesidade de permitir ás bibliotecas a reprodución das obras nelas depositadas, fai constar que isto permitirase sempre e cando se realice exclusivamente con fins de investigación e sen ánimo de lucro.

Só se permitirá fotocopiar o 10% da obra, salvo capítulos de libros ou artigos que xunto cos documentos esgotados deixaranse reproducir integramente, sempre que non supere 35 fotocopias por persoa e día.

Artigo 16. Servizo de reserva de documentos

16.1 – O lector ten dereito a solicitar en reserva ata tres documentos, que estean en préstamo nese momento ou sexan susceptibles de adquisición.

16.2 – As reservas faranse na propia biblioteca, por teléfono, por correo electrónico ou a través da páxina www.opacmeiga.rbgalicia.org

16.3 – Unha vez que a biblioteca reciba o documento en reserva, comunicaráselle á persoa correspondente, por rigorosa orde de inscrición, que pode pasar a retiralo, no prazo máximo de dous días. Transcorrido ese período, enténdese anulada a reserva.

Artigo 17. Servizo préstamo e uso de materiais audiovisuais, informáticos, lectores de libro electrónico e Internet

17.1 – O uso dos ordenadores, o servizo de internet e o préstamo dos materiais audiovisuais, sonoros ou informáticos é gratuíto. Só é preciso o carné de lector/a.

Non poderán utilizar estes materiais, nin se realizarán préstamos a nome de persoas distintas aos/ás solicitantes.

17.2 – As bibliotecas da RBPM dispoñen ademais de acceso á Internet mediante cobertura wireless (WIFI). Os usuarios poderán acceder a ela cos seus dispositivos portátiles.

17.3 – Só se permite unha persoa por ordenador, salvo un pai, nai, ou titor legal que acompañe a un neno.

17.4 – O material (CD, CD-ROM, DVD...) que sexa obxecto de préstamo a domicilio debe solicitarse do mesmo modo que o material bibliográfico.

17.5 – Os menores de 16 anos precisan de autorización de pai/nai ou titor para poder acceder con posterioridade aos equipos informáticos, sen acompañamento dun adulto.

17.6 – O tempo de uso das terminais informáticas está limitado a unha hora e media por usuario/a e día, con posibilidades de prórroga, se non hai ninguén en espera.

No caso de que o número de persoas demandantes de ordenadores, nun determinado momento, sexa superior ao número de terminais, e co obxectivo de prestar un mellor servizo ao/á usuario/a, a biblioteca disporá dun sistema de quendas. En todo caso, a excesiva demanda do servizo provocará que se priorice o uso para consulta bibliográfica e o uso cultural ou de interese pedagóxico sobre o estritamente lúdico.

17.7 – Para a impresión de documentos, o usuario pedirá autorización ao persoal da biblioteca para a súa realización. En todo caso, será un máximo de 35 folios impresos, por usuario e día. O custo establececese aténdose á ordenanza fiscal correspondente.

17.8 – O usuario comprométese a respectar en todo momento a lexislación vixente en materia de propiedade intelectual e a facer un uso axeitado do servizo de acceso a Internet, tendo presentes os principios que rexen as actividades da biblioteca pública.

17.9 – A biblioteca poderá facilitar os auriculares para a escoita, aínda que se aos/ás usuarios/as lles resulta máis cómodo traer os seus propios, poderán facelo.

17.10 – O acceso a través de Internet a contidos inapropiados ou inaxeitados é responsabilidade exclusiva do/a usuario/a, e, o persoal da biblioteca, resérvase o dereito a finalizar en calquera momento a sesión de consulta, cando considere que non se está facendo un uso axeitado do servizo. Agora ben, tendo en conta que os contidos accesibles a través de Internet mudan constantemente e sen previo aviso, e que a biblioteca non pode supervisar estes contidos, serán os/as usuarios/as os/as que avalíen a pertinencia da información á que accedan; o persoal da biblioteca non será responsable en ningún caso da información que poidan recuperar ou á que poidan acceder os usuarios a través dos postos de Internet. No caso

de menores de idade serán os pais, nais ou titores os que teñan que asumir esa responsabilidade.

17.11 – A biblioteca non conserva información sobre páxinas consultadas pero si leva control sobre quendas diarias.

17.12 – Non se deben apagar os PC de uso público, e ante problemas, os usuarios non intentarán reiniciar os equipos.

17.13 – Para o uso dos dispositivos de lectura móbil en sala: tabletas, e-reader, etc, se os houbera, estableceranse os seguintes puntos:

- a) Poderá facer uso deste servizo, calquera persoa física que posúa o carné de lector/a individual, das bibliotecas municipais de Cambre.
- b) Solicitarase no mostrador de préstamo, onde haberá de deixar depositado o carné de lector/a e o seu DNI, ou similar, ata que devolva no mesmo mostrador, o dispositivo prestado.
- c) Para facer uso deste servizo, o usuario haberá de asinar as normas específicas polas que se rexerá este.
- d) Prestarase só un dispositivo de lectura por persoa, cos accesorios oportunos.
- e) A duración do préstamo será de dúas horas, por usuario e día.
- f) Os dispositivos deberán ser devoltos acendidos, con todos os seus compoñentes e accesorios en perfecto estado, polo menos 15 minutos antes do peche da sala (segundo o artigo 8.3 e 8.4 desta ordenanza).
- g) O persoal da biblioteca comprobará en presenza do usuario, que o dispositivo devolto se atopa en perfectas condicións. De non ser así, aplicarase o sistema de sancións ao efecto, segundo o artigo 25 desta ordenanza.
- h) O usuario será responsable do dispositivo prestado e da súa custodia, durante o período de préstamo.
- i) O usuario non poderá manipular nin modificar as aplicacións e compoñentes do dispositivo prestado.

17.14 – A disposición de lectores de libro electrónico, ordenadores portátiles, e outros dispositivos, para préstamo a domicilio, se os houbera, rexerá no seu caso polas normas oportunas para facer uso deste servizo, e que o usuario haberá de asinar.

17.15 – Todas as dúbidas ou calquera información que desexen han de demandala ao persoal da biblioteca, igualmente, deberán informar de calquera dificultade técnica. O persoal de biblioteca poderá prestar axuda aos/ás usuario/as no manexo básico dos ordenadores e de Internet, sempre que nese momento non interrompa outros labores bibliotecarios e da atención ao público. O persoal da biblioteca non pode proporcionar axuda avanzada no uso dos ordenadores e non é responsable da perda de datos ou información.

Artigo 18. Sección infantil e xuvenil

18.1 – As bibliotecas ofrecen aos/ás nenos/as os mesmos servizos que para os adultos (lectura e consulta en sala, préstamo, información, etc.) pero sobre todo, pola súa idade, intentarase darlles unha información e atención máis personalizada e individualizada, polo que se organizarán -na medida do posible-, actividades dirixidas especificamente a fomentar a lectura neste sector.

18.2 – O fondo desta sección está destinado a usuarios/as de 0 a 14 anos.

18.3 – Os menores de 6 anos deberán permanecer na biblioteca acompañados dun adulto, é dicir, maior de 18 anos. Se os maiores de 6 anos permanecen na biblioteca sen compañía dun adulto, o persoal bibliotecario non se fará responsable do seu coidado.

18.4 – Os/as usuarios/as menores de 16 anos de idade, vaian ou non acompañados, non serán responsabilidade do persoal da biblioteca salvo en actividades programadas con aforo limitado sen presenza de nais/pais e/ou titores, ou as programadas cos centros de ensino público, dentro do horario escolar. No resto dos casos o persoal da biblioteca non se responsabilizará das entradas ou saídas do menor no caso de que quede só.

Artigo 19. Hemeroteca

19.1 – A hemeroteca ou sección de publicacións periódicas, tamén estará en libre acceso, incluídas as do ano en curso.

19.2 – Por razóns de espazo, só se arquivarán e gardarán as que o persoal da RBPM considere de interese para a mencionada biblioteca e os seus usuarios.

19.3 – No caso da prensa diaria, tamén por razóns de espazo, só se conservará a do último mes respecto aos diarios de tirada nacional, a do último ano respecto aos diarios de tirada local.

19.4 – Para facilitar a difusión deste material bibliográfico, a súa lectura, consulta e utilización, prestaranse determinadas revistas e publicacións periódicas anteriores ás últimas recibidas. Non se prestarán exemplares excepcionais, raros ou únicos, ou os que considere a dirección das bibliotecas. Colocarase en cada biblioteca, en lugar visible, a relación de títulos que se prestan. No caso de préstamo de publicacións periódicas, será 1 por cada carné de lector/a.

Artigo 20. Sección local

A biblioteca terá unha sección local na que se conservarán obras e documentación relativas ao municipio ou de escritores que teñan relación co el.

Artigo 21. Actividades culturais, de fomento da lectura e uso da biblioteca

21.1 – A Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura de Galicia (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro de 2007) ten entre outros como obxecto promover a extensión social da lectura e promover o libro e a lectura en galego. Deste xeito, establece no seu capítulo IV art. 22.2 o fomento da lectura nas bibliotecas e di que a Xunta de Galicia, en coordinación coas bibliotecas públicas, coas bibliotecas escolares e coas de interese público do país, elaborará programas de fomento da lectura, xa sexa para o conxunto da poboación ou dirixidos a sectores específicos desta.

21.2 – A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia (DOG núm. 122, do 27 de xuño de 2012), establece no artigo 20, que é función das bibliotecas públicas desenvolver actividades de creación ou difusión cultural e de promoción da lectura.

Ademais, o artigo 23.1.e) da citada Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, establece como un dos dereitos das persoas usuarias das bibliotecas públicas, o gozar de actividades de animación á lectura nas instalacións dispostas para o efecto.

21.3 – En cumprimento do citado articulado, a RBPM organiza actividades culturais, de fomento do libro e da lectura e uso da biblioteca.

As actividades de animación á lectura teñen unha programación estable e periódica ao longo do ano, nas tres bibliotecas que conforman a actual Rede. A súa posta en marcha e periodicidade depende do orzamento, interese, utilización e demanda por parte dos usuarios, así como posuír o equipamento e persoal necesario.

21.4 – A/o bibliotecaria/o-arquiveira/o municipal será a responsable da programación, seguimento, xestión, supervisión e control das actividades, eventos, etc., baixo a dirección da xefatura da área de Cultura.

21.5 – A RBPM conta con diferentes tipos de actividades:

- a) As programadas cos centros de ensino público de Cambre, tanto as dirixidas ás escolas infantís, CEIP ou IES do concello, dependendo da franxa de idade á que vaia dirixida a actividade.
- b) Actividades dirixidas ao público infantil: prelectores e primeiros lectores. A partir de 3 anos.
- c) Actividades dirixidas a varias idades lectoras: clubs de lectura, conferencias, charlas-coloquio, concursos relacionados co libro e/ou a lectura, exposicións bibliográficas, boletíns de novidades, etc.

Cada ano poderanse convocar as mesmas actividades de anos anteriores ou outras novas en función dos resultados da avaliación anual das anteriores, demandas dos usuarios, orzamentos, persoal, equipamentos ou criterios técnicos.

21.6 – Hai determinadas actividades, que están pensadas e programadas para asistir o público infantil acompañado dos seus adultos (pai, nai, avó, avoa,...). Cada neno/a, pode ir acompañado de dous adultos máximo, por cuestións de aforo das salas.

21.7 – As actividades que organice a RBPM, salvo as programadas cos centros de ensino público do Concello de Cambre, serán abertas a toda a cidadanía, só haberán de ser socios dalgunha das bibliotecas da RBPM. Por motivos de capacidade ou por estar dirixidas a un sector de público determinado, poderanse priorizar e limitar as idades dos participantes e fixar o aforo máximo, mediante invitacións que se distribuirán nas bibliotecas e se poderán reservar por teléfono.

21.8 – Hai actividades que poderán establecer un límite determinado por idade, tanto mínima como máxima. Neses casos sinalarase na difusión da propia programación.

21.9 – As actividades da RBPM serán gratuítas para todos os/as usuarios/as. En caso contrario, anunciarase en carteis e folletos promocionais.

21.10 – De todas as actividades poderase realizar unha reportaxe fotográfica. Coidaremos de que cada pai, nai, titor ou titora, cubra a correspondente autorización do menor ao seu cargo, conforme autoriza ou desautoriza a distribución da súa imaxe. Estas autorizacións estarán a disposición dos usuarios no mostrador de cada unha das bibliotecas, en lugar visible. Se por calquera motivo non cubrixe a devandita autorización, cada biblioteca da RBPM entende de que non existe inconveniente de que a imaxe do menor se poida distribuír polos diferentes medios que utiliza o Concello de Cambre para a difusión das súas actividades (páxina web, blogs, fotografías impresas nas propias bibliotecas, etc.).

21.11 – A utilización da biblioteca para actividades de difusión e promoción terá preferencia sobre outros usos da biblioteca podendo establecerse restricións doutros servizos (lectura en sala, préstamo ou outros) mentres se realicen as actividades.

21.12 – Durante o desenvolvemento da actividade non está permitido comida nin bebida, agás auga. Haberá de gardarse un comportamento adecuado ás necesidades da actividade, de maneira que non interrompa o normal funcionamento.

21.13 – As persoas que interfiran o normal desenvolvemento das actividades deberán abandonar a sala cos nenos/as a quen acompañen.

21.14 – O concello promoverá a coordinación do funcionamento das bibliotecas municipais coas bibliotecas escolares dos centros de ensino público de Cambre e a realización de actividades conxuntas que revertan na mellora do funcionamento, coñecemento e uso de ambas.

Artigo 22. Usuarios

22.1 – Tomando como base o cumprimento do artigo 23.1 da Lei 5/2012, de bibliotecas de Galicia, as persoas usuarias da RBPM de Cambre teñen unha serie de dereitos e obrigas.

22.1.1 – As persoas usuarias terán os seguintes dereitos:

- a) Usaren de maneira gratuíta os servizos básicos da biblioteca, sen prexuízo do establecido na lexislación vixente sobre propiedade intelectual.
- b) A recibir unha atención cordial e correcta por parte do persoal da biblioteca.
- c) A recibir a formación básica para a utilización dos servizos. Así mesmo, recibir a información, asesoramento e colaboración na localización e acceso ao fondo.
- d) Dispoñeren de materiais e servizos adaptados a colectivos con discapacidades ou necesidades especiais.
- e) Á privacidade e á confidencialidade da información que buscan ou reciben, así como dos recursos que consultan, toman en préstamo, adquiren ou transmiten, protexendo os seus datos persoais nos termos establecidos no ordenamento xurídico.
- f) Os usuarios inscritos poden cancelar os seus datos persoais no momento que o desexen, logo da petición por escrito.
- g) Teren un horario mínimo de prestación do servizo, que se determinará a través do Mapa de bibliotecas públicas de Galicia para cada tipo de bibliotecas.
- h) Gozaren de actividades de animación á lectura nas instalacións bibliotecarias.
- i) Suxeriren a adquisición de material cultural e recursos de información que satisfagan as súas necesidades culturais.
- j) Os usuarios e usuarias poderán presentar as suxestións e reclamacións que consideren convenientes na caixa prevista para este efecto, ou nas oficinas do Rexistro municipal. Estas serán revisadas polo persoal técnico, e consideradas en base ás necesidades existentes e orzamento previsto, co visto e prace da concellería correspondente.

22.1.2 – As persoas usuarias terán as seguintes obrigas:

- a) Observaren un comportamento axeitado para o bo funcionamento da biblioteca.
- b) Respectaren os dereitos das demais persoas usuarias da biblioteca, gardando a debida orde e compostura.
- c) Identifícanse debidamente para facer uso de determinados servizos.
- d) Devolveren o material prestado nas datas fixadas e de acordo coas normas establecidas nesta ordenanza.
- e) Os adultos responsables que acompañen a nenos/as á biblioteca deben intentar que non corran descontroladamente, berren, choren de maneira desconsolada ou baleiren estantes a modo de xogo.

- f) Dárenlles uso adecuado ao mobiliario, ao equipamento, aos materiais e aos recursos da biblioteca.
- g) Os/as usuarios/as deberán vixiar as súas pertenzas. A biblioteca non se responsabiliza de perdas ou roubos.

22.2 – A RBPM difundirá os servizos que se ofrecen, os dereitos e as obrigas concretas das persoas usuarias, así como os mecanismos de avaliación dos resultados do servizo público bibliotecario.

CAPÍTULO IV. TRATAMENTO ADMINISTRATIVO E TÉCNICO DOS FONDOS DA RBPM

Artigo 23. Rexistros dos fondos

Todos os fondos que ingresen nas bibliotecas da RBPM de Cambre serán inscritos no correspondente rexistro, dentro do programa de xestión de bibliotecas correspondente, que a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia dispoña para cada tipo de biblioteca.

O fondo poderá estar ordenado segundo a Clasificación Decimal Universal, por centros de interese, ou outros criterios técnicos que a RBPM estableza e visibilice en lugar destacado ao longo de cada sala.

Artigo 24. Baixas ou expurgos

24.1 – Cando un/unha usuario/a perda, deteriore ou mutile algún documento (falta de páxinas, rotura de DVDs., etc.), procederase a dalo de baixa no correspondente Rexistro de baixas.

24.2 – Se cando se revisen os andeis da biblioteca, o persoal ten constancia da desaparición, extravío ou falta dalgún exemplar, tanto que fose por furto ou por outro motivo, haberá que proceder a dalo de baixa do correspondente Rexistro.

24.3 – Cando sexa necesario, e máis exhaustivamente unha vez ao ano, o/a bibliotecario/a realizará unha relación dos fondos, que por estar moi deteriorados, desfasados, obsoletos, falta de vixencia, etc., sexan motivo de expurgo.

24.4 – No prazo dun mes, dende a realización do expurgo, a/o bibliotecaria/o municipal xunto co coordinador de cultura e educación, informará ao/á concelleiro/a do que dependa o servizo bibliotecario e a/o secretaria/o do Concello, do fondo que se expurga. Na relación do fondo a expurgar haberá de constar o número de rexistro e a data de entrada na biblioteca, así como o fin que se lle pretende dar ao material expurgado. Coa pertinente sinatura e autorización, procederase a realizar o mencionado expurgo.

24.5 – A/o bibliotecaria/o deberá realizar periodicamente o inventario xeral de todo o fondo de cada unha das bibliotecas que forman a RBPM de Cambre, polo menos unha vez cada cinco anos. Os datos resultantes deste inventario quedarán reflectidos na memoria anual correspondente.

CAPITULO V: RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 25. Infraccións

Constitúen infraccións administrativas en materia de bibliotecas as accións e omisións que se tipifican neste capítulo.

As infraccións tipifícanse en leves, graves e moi graves.

25.1 – Infraccións leves

Constitúen infraccións leves as seguintes accións ou omisións:

- a) A deterioración culposa do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúa a biblioteca.
- b) A non devolución no prazo sinalado, dos fondos e dos materiais e recursos da biblioteca emprestados.
- c) O comportamento desaxeitado de menores ou adultos que provoquen a interrupción do normal funcionamento da biblioteca.
- d) O incumprimento de calquera outra obriga establecida nesta ordenanza que non deba ser cualificada de infracción grave ou moi grave.

25.2 – Infraccións graves

Terán a consideración de infraccións graves:

- a) A deterioración dolosa do mobiliario da biblioteca, dos seus materiais e recursos de información, así como do inmovible no que se sitúa a biblioteca.
- b) A perda definitiva de fondos documentais bibliotecarios ou de recursos de información das bibliotecas, que foran levados en préstamo.
- c) A comisión de dúas ou mais infraccións leves no período de dous anos.

25.3 – Infraccións moi graves

Terán a consideración de infraccións moi graves:

- a) As accións ou omisións que supoñan a destrución ou en xeral a inutilización definitiva de fondos documentais bibliotecarios ou de recursos de información das bibliotecas.
- b) A comisión de dúas ou mais infraccións graves no período de dous anos.

Artigo 26. Suxeitos responsables

Son responsables das infraccións, aínda a título de simple inobservancia, as persoas físicas ou xurídicas ás que lle sexan imputables as accións ou omisións tipificadas nesta ordenanza.

Artigo 27. Sancións

27.1 – As infraccións previstas nesta ordenanza darán lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Por infraccións leves:
 - 1. No caso de demora, sancionárase coa suspensión temporal do dereito a préstamo por un tempo igual ao que se prolongou a demora.
 - 2. Se un/unha usuario/a ten algún material prestado e xa está fóra do prazo de devolución, non poderá usar o servizo de préstamo ata a súa devolución.
 - 3. Se os adultos que acompañen a nenos/as á biblioteca, non puideran controlar o seu comportamento, terán ambos que abandonar a sala.
 - 4. No caso de adultos que polo seu proceder, interrompan o normal funcionamento da biblioteca, terán que abandonar a sala.
- b) Por infraccións graves:

1. As infraccións graves sancionaranse co bloqueo da tarxeta de lector e/ou a expulsión durante un período de tempo non inferior a un mes e ata un máximo de seis. No caso dos menores, a correspondente sanción será notificada aos pais ou tutores legais e farase constar o período de expulsión e a causa que teña motivado os feitos.

2. No caso de perda de material emprestado, a persoa estará obrigada a repoñer o documento emprestado por un igual ou similar en canto a características, tema ou materia, calidade e/ou prezo. De non ser posible deberase indemnizar ao concello polo seu valor. No caso de que este material lle fose subtraído ao usuario ou usuaria, quedará excluído da súa reposición ou abono, sempre que presente copia da correspondente denuncia de subtracción.

De non cumprirse esta premisa, sancionaranse ao lector/a co disposto no punto b) 1.

c) Por infraccións moi graves:

As infraccións moi graves sancionaranse co bloqueo da tarxeta de lector e/ou a expulsión durante un período non inferior a seis meses, ou permanente, da RBPM de Cambre, ou ata a resolución xudicial firme da denuncia interposta, se a houbera.

27.2 – No caso de que o dano causado poida ser valorado economicamente, a infracción será sancionada con multa do tanto ao cuádruplo do valor do dano causado, cos seguintes límites:

- Ata 750,00€ para as infraccións leves
- Ata 1500,00€ para as infraccións graves
- Ata 3000,00€ para as infraccións moi graves

Artigo 28. Prescricións de infraccións e sancións

As prescricións de infraccións e sancións ateranse ao recollido no artigo 41 da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galicia

Disposición final

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado integramente o seu texto no *Boletín Oficial da Provincia* e transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo: Abrir un período de información e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola Corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións e suxestións, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobada a ordenanza de referencia, publicándose integramente no *Boletín Oficial da Provincia*.

Cuarto: A ordenanza entrará en vigor unha vez teña transcorrido o prazo de quince días establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

1.2. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22

da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

O Sr. alcalde informa que teñen unha moción presentada polo grupo municipal socialista.

Pide a palabra don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, quen solicita expoñer unha cuestión de orde, se non lles importa aos compañeiros do grupo socialista. Trátase de que esta moción propón a modificación dunha ordenanza, e el ten entendido que para a modificación deste tipo de ordenanzas é preceptivo, é dicir, é obrigatorio contar cun informe, polo menos de Secretaría e Intervención, que non consta, polo tanto, di que o debate pode ser bastante inerte, ao non saber se as medidas que se solicitan están amparadas pola lei ou non o están.

El o que solicitaría, ao abeiro tamén do Regulamento orgánico municipal, é que o asunto quedara enriba da mesa, para que se puideran elaborar os informes e, no próximo pleno, se dese tempo a facer eses informes, tratalo, para que todos os concelleiros tiveran a información.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que referíndose tamén eles ao artigo 115 do ROM ao cal fai referencia o voceiro popular, dille que tamén ese artigo define as mocións como aquelas propostas que teñen por obxecto o pronunciamento do Pleno sobre a necesidade de iniciar determinadas actuacións en asuntos da súa competencia.

Di que, dalgunha maneira, o espírito da moción busca que se inicie ese procedemento de modificación da ordenanza, polo tanto, o que lle pide el ao Sr. alcalde é que lle permita lela.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que esa é unha posibilidade que existe e, se queren facer uso dela, pola súa parte non vai haber ningún problema. El simplemente quere aclarar que iniciar o expediente significa, en principio, ter unha proposta, que é a que os socialistas propoñen, solicitar os informes e, en función deses informes, poderase facer ou non se poderá facer.

Se o queren presentar neses termos di que quede claro que dependerá de que os informes avalen as modificacións ou non as avalen, eles o que non poden facer é asumir como propia unha medida que nin sequera saben se cumpre coa legalidade ou non.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Bao que, como non podía ser doutro xeito, naturalmente que lle vai permitir ler a moción, o que si quere saber é se unha vez lida a van deixar sobre a mesa ou van a votala.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas contesta que el pide que se voten os acordos e, consonte co artigo 115 do ROM, neste suposto, unha vez aprobada, servirá de resolución de iniciación de oficio dun expediente que tras a súa instrución se someterá á comisión informativa correspondente para que o eleve á Corporación.

Di que, evidentemente, o que non buscan é o ditame do Goberno, buscan o ditame

desta Corporación. Ao fin e ao cabo, si que serán, evidentemente, modificacións que entrarán en vigor se contan cos respectivos informes, pero por suposto e sobre todo se contan co respaldo maioritario da Corporación.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el, os datos xurídicos que ten, polo menos da secretaria, dinlle que os informes para presentar esta moción e que teña efectividade para poder votala son preceptivos, senón sería nula de pleno dereito. Agora, se os señores concelleiros a queren votar.... El ofrécelles a posibilidade de lela e deixala sobre a mesa para ter todos os informes xurídicos e económicos enriba da mesa e traela, se é posible, ao próximo pleno.

Don Jesús Bao Bouzas manifesta que el está disposto a lela e a deixala sobre a mesa, sobre a mesa do Sr. alcalde, e invítalo a que escoite o que teñen que dicir o resto de forzas políticas. O Sr. alcalde di que ten intención, iso é algo novo por outra parte, porque lémbrale que hai tres meses que o teñen invitado a que lles fixera chegar unha proposta de alcance desta ordenanza, así o di na moción. Dille que llo teñen proposto cando se pronunciaron con respecto do prezo e rebaixas, e o Sr. alcalde durante estes tres meses tivo oportunidade de facerlles chegar propostas, iniciativas, calquera reflexión do seu Goberno, e non o fixo. O que lle pide é que lle deixe ler a moción, que escoiten o que teñen que dicir o resto de forzas políticas e que a moción quede, non sobre a mesa, senón sobre a mesa do Sr. alcalde, e dille que, se lle atende, mañá ás 09:00 da mañá está no seu despacho para discutir con el o contido da moción e ver como poden elevala á ordenanza.

O Sr. alcalde manifesta que, se isto é así, pola súa parte e por parte do grupo de Goberno non vai haber ningún problema, así que dille que adiante, que lea a moción.

Don Jesús Bao Bouzas dá lectura á moción presentada.

Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar á modificación da ordenanza que regula o “Programa Mañanceiro”

Rexistrada de entrada ao núm. 0/3677 o día 24 de maio de 2014. Consta do seguinte teor literal:

“Corría o ano 2004 cando o Concello de Cambre, logo de escoitar numerosas peticións e suxestións de pais e nais de escolares do noso concello, dirixidas a crear un servizo de apertura dos centros de educación infantil e primaria antes do comezo da xornada lectiva, toma a decisión de instaurar un programa destinado a favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das familias de Cambre.

No curso escolar 2004-2005, ponse en marcha un novo programa de protección, vixilancia e almorzo dos escolares dos centros públicos de educación infantil e primaria, máis coñecido como ‘Programa Mañanceiro’.

O ‘Mañanceiro’ concíbese como un servizo propio que pretende dar resposta ás demandas familiares derivadas do desfase existente entre os horarios escolares e laborais, cubrindo as necesidades de atención das nenas e nenos a través de actividades; así como ofrecer un servizo de almorzo equilibrado que os pais ou

familiares, en moitos casos, vense imposibilitados de prestar axeitadamente. Este é o obxectivo principal do 'Mañanceiro'.

A ordenanza que regula o 'Programa Mañanceiro' foi obxecto de diversas modificacións ao longo da súa andadura. Non obstante, dende o grupo municipal dos Socialistas de Cambre consideramos que, despois de 10 anos de evolución do servizo, e a pesar das modificacións sufridas, cómpre redefinir mesmo o obxecto social, educativo e a finalidade mesma do programa; unha revisión, actualización e adaptación integral do 'Mañanceiro' por canto:

- A pésima redistribución da riqueza económica, o endurecemento e precarización no acceso ao mercado laboral, a anemia das prestacións e das políticas sociais que están a poñer en práctica os diferentes gobernos do Partido Popular, a progresiva desaparición das conquistas sociais en materia laboral e de educación, unidas á perda de cobertura social e apoio á familia, inevitablemente repercuten significativa e negativamente na infancia.

- O 'Mañanceiro' ten que poñerse en valor para que siga a ser un instrumento de socialización. Ten que ser un recurso educativo de carácter complementario, compensatorio e social. A sociedade actual esíxenos fomentar e potenciar a educación en valores, valores como a xustiza social, a igualdade, a solidariedade, a corresponsabilidade... e o 'Mañanceiro' pode ser unha ferramenta eficaz para isto. A ordenanza ten que reforzar o protagonismo das nenas e nenos do noso concello no programa.

- A ordenanza ten que recalcar máis se cabe a importancia do almorzo e dunha alimentación sa que favoreza o crecemento físico e o desenvolvemento intelectual dos nenos; garantindo un almorzo a quen o solicite, e máis nestes tempos.

- A mera participación no mercado laboral, en moitos casos non é suficiente para escapar da precariedade, mesmo da pobreza. En Cambre hai familias que non disfrutan do 'Mañanceiro', simplemente, porque non poden pagalo.

- Posto que a falta de traballo, mesmo a precarización laboral, son as causas principais da pobreza; o benestar material das nenas e nenos en fogares onde se teñen reducido drasticamente os ingresos ten empeorado significativamente, limitando o acceso aos recursos educativos complementarios básicos e de ocio ou entretemento. En Cambre hai nenas e nenos vivindo en familias onde non entra ningún ingreso.

- Tal e como está concibido o mercado laboral na actualidade, buscar traballo tamén é traballar.

- As familias monoparentais e as familias con nenos con discapacidade teñen máis difícil co resto calquera tipo de conciliación.

- O 'Mañanceiro' tense que instaurar e prestar sen excepción en todos os centros públicos de educación infantil e primaria do noso concello. A ordenanza ten que ser

flexible e garantir o acceso a este programa para que o servizo poida chegar a todas as familias que o soliciten.

- O actual escenario de progresiva deterioración económica e social está a provocar efectos devastadores entre as vítimas máis vulnerables que están a pagar as consecuencias desta maldita conxuntura económica e social, que golpea especialmente a quen non ten capacidade de resposta, a quen non é capaz de racionalizar o que está a pasar no seu entorno, aos máis febles, aos máis indefensos: aos nenos; porque na actualidade, a pobreza no noso país ten cara de neno e desgraciadamente, Cambre non é un oasis no medio deste deserto.

Os Socialistas de Cambre consideramos que unha sociedade que non coida a súa infancia, é unha sociedade que renuncia ao seu futuro. Para os Socialistas de Cambre pobreza e dignidade son incompatibles.

Non imos abafar con datos porque o certo é que as cifras, as estatísticas, certamente esconden unha realidade desoladora, xa se teñen traspasado todas as liñas vermellas: a pobreza está a deixar amaiada á cidadanía real.

O verdadeiramente importante é a realidade social que estamos a vivir. Os Socialistas de Cambre dicimos que as políticas de promoción da familia son o mellor antídoto para combater e superar esta mal chamada crise. Quen está a soportar o peso sobre as súas costas e as súas economías é a familia. Esta situación agrávase na medida en que as políticas sociais non teñen sido reorientadas e continúan a ser parches, accións ou iniciativas dirixidas a cubrir mínimos.

Fronte a esta situación, os Socialistas de Cambre reclamamos do Goberno municipal políticas propias, políticas feitas en Cambre e dirixidas ás familias de Cambre, que teñan reflexo nos orzamentos municipais, en recursos suficientes e partidas axeitadas asignados exclusivamente á infancia, que minimicen a evidente descoordinación que existe entre as diferentes administracións en materia de protección á familia.

No pleno ordinario do pasado mes de febreiro, onde se aprobaron as tarifas e reducións do 'Programa Mañanceiro', urximos ao señor alcalde a que nos fixera chegar unha proposta de alcance de modificación da ordenanza que regula o devandito servizo, acorde cos tempos que viven a inmensa maioría das familias de Cambre.

Recibida resposta por 'silencio administrativo' do señor alcalde, o grupo municipal dos Socialistas de Cambre presenta ante o Pleno a seguinte proposta de acordos:

1.- Modificar as porcentaxes que, como regra xeral, aboa o Concello de Cambre: 20%, e as familias dos beneficiarios do servizo: 80% por alumno na actualidade, polo 30% e o 70% respectivamente.

2.- Eliminar da ordenanza o tope de 3 alumnos por centro para desfrutar da gratuidade do servizo, logo do informe de valoración remitido polos Servizos Sociais do Concello de Cambre. No contexto actual 3 é un número aleatorio e insuficiente.

3.- Rebaixar de 13 a 6 o número mínimo de alumnos para implantar o servizo nos CEIP Gonzalo Torrente Ballester de Sigrás e Emilio González-López de Brexo-Lema, por estar enclavados nun entorno con menor densidade de poboación infantil e, consecuentemente, menor porcentaxe de alumnado.

4.- O Concello de Cambre custeará, sobre as tarifas por alumno, o 50% do servizo aos alumnos que con base na baremación aprobada que figura na ordenanza, sumen 4 puntos ou máis; en lugar do 30% actualmente en vigor.

5.- O Concello de Cambre custeará o 50% do servizo aos nenos que vivan en unidades familiares onde un dos pais estea en situación recoñecida de desemprego, e o 100% do servizo aos nenos que integren unidades familiares onde ningún dos pais teña traballo.

6.- O Concello de Cambre custeará o 100% do servizo ás familias monoparentais e ás familias con fillos con discapacidade, en idade escolar, que soliciten acollerse ao servizo.

7.- No caso de familia numerosa, aplicaranse as seguintes porcentaxes de bonificación do servizo a custear polo concello:

- 50% no caso dun alumno/fillo beneficiario
- 60% no caso de dous beneficiarios
- 70% no caso que haxa tres beneficiarios..... e así progresivamente ata chegar ao 100% do custo do servizo.

8.- Os acordos acadados incorporaranse inmediatamente á ordenanza e entrarán en vigor a partir do curso 2014-2015.

9.- Dar conta do contido da presente moción e dos acordos acadados á dirección dos centros de ensino afectados por esta ordenanza e aos representantes de pais de alumnos (ANPAS) dos respectivos centros de educación infantil e primaria do Concello de Cambre.”

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo mantense na súa posición, que xa manifestaron, de que non poden facer unha valoración en profundidade desta moción mentres non teñan os informes, porque para iso neste caso a lei di que os informes son obrigatorios, preceptivos, precisamente para que cando fagan un debate, ou levanten a man, saiban se están facendo algo legal ou ilegal.

Pero di que xa non é que sexa legal ou ilegal, é que xa lles di que o que eles propoñen é imposible, ou polo menos é imposible para o curso 2014-2015, porque como ben deberían saber o concello ten contratada unha empresa, que é a que presta o servizo, á que lle queda un ano para prestar ese servizo nunhas condicións.

Eles o que non poden facer de forma unilateral é modificar esas condicións que ten a empresa, polo tanto, volve solicitarlle, non que retiren o asunto, senón que o deixen enriba da mesa ata que teñan os informes, isto entendendo a vontade que ten o grupo socialista, que el supón que é a vontade que teñen todos, de mellorar os servizos e

axudar ás familias con menos recursos, ou con máis problemas económicos no concello, e poder encontrar unha solución que sexa acorde á legalidade e que poidan facelo.

Polo tanto, a proposta é a mesma, que quede enriba da mesa, que teñan os informes e, unha vez que teñan eses informes, valorar de que forma poden tratar este asunto.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que non vai retirar a moción, e moito menos despois de ter escoitado ao Sr. voceiro do PP, porque parece que non ten escoitado o que tanto o Sr. alcalde como el mesmo teñen exposto antes da lectura.

En calquera caso, se lle permite, van resolver o tema do contrato. Pregunta cal é a duración do contrato, é un ano máis un. Tamén pregunta cando expira o contrato principal e cando ten que prorrogarse. Se len o prego, no prego dise que o presente contrato ten un prazo de execución, dende a data da súa firma en documento administrativo, durante o curso escolar 2013-2014, comprendendo aproximadamente os meses de setembro a xuño. Ese é o contrato, podendo prorrogarse, en condicional, expresamente ao curso 2014-2015, logo do acordo do órgano de contratación, adoptado coa conformidade do contratista con tres meses de antelación á finalización do contrato principal. Pregunta ao Sr. Andreu se o dito acordo se ten executado, e dille que tería que ter comezado por aí.

Conclúe dicindo que non retiran a moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que el non lles pediu que retiraran a moción e pregúntalle ao concelleiro socialista que lle quere dicir con iso.

Don Jesús Bao Bouzas contesta que siga o proceso, que deixa a moción sobre a súa mesa, e que lle gustaría a intervención do resto de forzas políticas que, sen dúbida, van enriquecer a moción que presenta o grupo municipal dos socialistas de Cambre. En calquera caso, o contido da moción non admite discusión, admite debate, pero non admite discusión.

O Sr. alcalde expón que a iso se comprometera. Dille que o entende, pero que non lle cambie a política de xogo. Se o Sr. Bao lle di ao principio que a van deixar sobre a mesa, que non diga agora que a retira. Ninguén lle ten pedido que a retire.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, agradece ao grupo socialista que trouxera esta moción e que lles dera a oportunidade de debater. Di que sempre é enriquecedor que se traia algo e que se poña sobre a mesa, e darlle a oportunidade ao resto dos grupos de poder enriquecer a proposta, ou polo menos dar a súa opinión.

Tamén dá grazas expresamente ao grupo de Goberno por cambiar a súa actitude, sinceramente, porque agora son preceptivos os informes e, polo tanto, non van votar, van deixalo enriba da mesa. Os informes e as autorizacións que son preceptivos absolutamente en todo, e polos que UxC viuse obrigado, hai dous ou tres plenos, xa

non o lembra, porque este mes foi difícil, a levantarse porque entendían que non había os informes preceptivos ou as autorizacións preceptivas.

Polo tanto, ánimoos a que sigan esa liña e agradécello a eles tamén.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que ao seu grupo sóbralle razóns para estar de acordo con esta moción, razóns recollidas e argumentadas, para eles con especial sensibilidade, na propia iniciativa.

Nese sentido, por lembrar algo, quere dicir que son alarmantes que os datos que publicou, non sabe se foi no día de onte ou de antonte, o Instituto Nacional de Estatística, onde indica que o 17,2% da poboación de Galicia atópase en risco de pobreza, é dicir, por debaixo do albor da pobreza. E o 16% teñen verdadeiras dificultades para chegar a fin de mes cos seus salarios, e ás veces con irrisorios salarios, ou con axudas sociais.

Cre que deben ser capaces, entre todos, e así o contempla esta moción, de articular esforzos e recursos para mellorar a calidade de vida dos seus veciños e veciñas, e neste caso dos máis vulnerables, que son os nenos e nenas do Concello de Cambre.

Polo tanto, di que van estar de acordo con esta moción, con independencia de que se deixe enriba da mesa ou non, xa que, por outra parte, eles tampouco queren incorrer en ningún tipo de ilegalidade, se é que eses informes son preceptivos, como cre que asentía a propia secretaria e informaba o voceiro do grupo popular.

Xa di que felicitan ao grupo socialista dunha maneira especial pola sensibilidade amosada ao presentar esta moción, onde mete o dedo na chaga en algo tan fundamental como é que os rapaces, os nenos e nenas de Cambre, poidan almorzar todos os días nos colexios.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo, por suposto, van votar a prol. Pensan que un concello cuns orzamentos de máis de 16 millóns de euros, non pode permitir que os seus nenos vaian ao colexio pola mañá sen xantar. Todo o que piden parece de sentido común, por todo iso, van votar a prol.

Toma a palabra o Sr. alcalde para agradecer que manifesten a súa vontade de votar a moción, pero lémbbralles que non a van votar, porque xa quedaron niso. Poden facer as achegas que queiran, pero vai quedar sobre a súa mesa, van pedir os informes e traerana ao pleno para poder votala.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, manifesta que el ata que non vexa eses informes preceptivos non vai dicir nada. Se os informes preceptivos son favorables non ten maior problema en votar a prol a moción.

Toma a palabra o Sr. alcalde para manifestar que se non hai ningunha intervención máis, deixan esta moción sobre a mesa e a partir de mañá solicitan os informes preceptivos para que poida vir a pleno canto antes.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocións dos grupos municipais

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria accidental da Corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 672, do día 31 de marzo de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Aprobar o Plan orzamentario a medio prazo do Concello de Cambre do período 2014-2017, consonte aos datos que figuran no anexo desta resolución.

Segundo: Ordenar á intervención municipal a remisión da información relativa ao Plan orzamentario a medio prazo do Concello de Cambre do período 2014-2017 a través da plataforma da Oficina Virtual de coordinación financeira coas Entidades locais, con data límite 31 de marzo de 2014.

Terceiro: Dar conta ao pleno da corporación na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 1051, do día 19 de maio de 2014, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

Primeiro: Aprobar a liquidación do orzamento de 2013 da que se deducen, entre outros, os seguintes datos:

| Orzamento de gastos | Euros |
|-----------------------------------|---------------|
| Créditos iniciais | 15.097.703,49 |
| Modificacións | 3.390.154,74 |
| Créditos definitivos | 18.487.858,23 |
| Gastos comprometidos | 15.660.065,20 |
| Obrigas recoñecidas netas | 15.225.107,10 |
| Pagamentos ordenados | 13.105.328,05 |
| Pagamentos realizados | 13.105.328,05 |
| Obrigas pendentes de pago a 31/12 | 2.119.779,05 |
| Remanentes de crédito | 3.262.751,13 |

| Orzamento de ingresos | Euros |
|-------------------------------------|---------------|
| Previsións iniciais | 15.097.703,49 |
| Modificacións | 3.390.154,74 |
| Previsións definitivas | 18.487.858,23 |
| Dereitos recoñecidos | 15.481.786,17 |
| Dereitos anulados | 283.578,63 |
| Dereitos cancelados | 0,00 |
| Dereitos recoñecidos netos | 15.198.207,54 |
| Recadación neta | 13.099.385,45 |
| Dereitos pendentes de cobro a 31/12 | 2.098.822,09 |
| Exceso de previsión | 3.289.650,69 |

Outros datos resumo de especial interese:

- debedores pendentes de cobro a 31/12, 3.237.719,61 euros.
- acredores pendentes de pagamento a 31/12, 2.109.757,04 euros.
- resultado orzamentario axustado do exercicio, 590.613,89 euros.
- remanente de tesourería total, 1.256.541,62 euros.
- exceso de financiamento afectado, 521.754,86 euros.
- remanente de tesourería para gastos xerais, 593.936,37 euros.
- capacidade de financiamento, 1.513.342,06 euros.
- aforro neto, 1.207.204,36 euros.

Segundo: Remitir copia da liquidación do Orzamento do exercicio 2013 á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, remisión que se realizará unicamente a través do Rexistro Telemático Único da Administración da Xunta de Galicia mediante a aplicación dispoñible no portal da Xunta de Galicia www.eidolocal.com e ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas mediante a súa rendición telemática a través da oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais da Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.

Terceiro: Comunicar a resolución ao pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito procedente do Ministerio de Xustiza, rexistrado de entrada ao núm. 0/3596 o día 21 de maio de 2014, no que se acusa recibo da certificación da moción aprobada no pleno de data 24 de abril de 2014. Trátase da moción do grupo municipal de EU contra a privatización do Rexistro Civil.

- Do escrito procedente do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de data 14 de maio de 2014, no que se acusa recibo do escrito ao que se achega o acordo adoptado no pleno de data 24 de abril de 2014. Trátase da moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE para instar ao Goberno de España a regresar ao Pacto de Toledo e rexeitar a reforma imposta na Lei 23/2013, reguladora do factor de sostibilidade e do índice de revalorización do sistema de pensións da Seguridade Social.

3.2. Rogos

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3678 o día 24 de maio de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Veñen denunciando moitos veciños das parroquias de Cambre o mal estado no que se atopan as gabias dos camiños. Cheas de silvas e de maleza resultan intransitables para veciños e incluso para os vehículos. O tema da roza de camiños é recorrente e vén repetíndose ano tras ano. Hai un ano, ante este mesmo problema o concelleiro de Obras, Sr. Marante, manifestou a súa intención de que, se fora necesario, se farían anualmente dúas cortas.

Por todo iso, solicitamos se cumpra co prometido, e se realice o mantemento e roza dos camiños con dúas cortas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, explica que se vai cumprir, vaise facer unha corta agora en xuño e outra, segundo se vexa un pouco a necesidade, en setembro ou outubro, máis ou menos. Vai haber dúas cortas este ano.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que por parte do seu grupo llo agradecen, porque imaxina que non será soamente aos representantes socialistas aos que todos os veciños, tamén de maneira bastante recorrente e ao longo de todas as parroquias do concello, lles veñen dicindo xa dende hai máis dun mes que hai moitos camiños que están practicamente intransitables.

A el cónstalle que o Sr. Marante é tamén coñecedor do tema, polo que lle agradecerían que canto máis rápido poida se poña en funcionamento este servizo, sería importante.

Don Manuel Marante Gómez di que cre que el xa explicou no pleno pasado, este venres pasado, os motivos de que se atrasase un pouco o tema, xa o explicou nese pleno.

2º Denuncian veciños de Anceis o mal estado no que se atopa o camiño municipal, á altura do número 50 de Mercurín, na zona chamada das curvas de San Benito. O firme presenta un pronunciado desnivel e atópase cheo de gretas, do que se pode deducir que existe perigo de que se produza un desmonte. Así mesmo carece de quitamedos que protexa a circulación de vehículos e peóns. Sinalar que este camiño é utilizado diariamente polo transporte escolar.

Por todo iso, solicitamos se proceda, coa máxima urxencia, á reparación das deficiencias enriba sinaladas.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que están de acordo. Isto vai incluído nun proxecto que están facendo con motivo da cicloxénesis sufrida este ano, con varias actuacións conxuntas. Están preparando un proxecto para resolvelo.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, pregunta se ese proxecto se vai financiar por algunha outra administración.

Don Manuel Marante Gómez contesta que agardan que si, que teñan algunha axuda. Se non é así, en calquera caso iso hai que resolvelo, porque sempre houbo unha zona branda aí, de sempre. Di que el viviu ao lado e de sempre houbo unha zona branda alí, pero este ano pronunciouse un pouco máis. Polo tanto, dunha maneira ou doutra, vaise resolver.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/3682 o día 24 de maio de 2014.

1º Pregamos nos informen de se están a levar a cabo os acordos acadados neste pleno po mor da moción presentada polo noso grupo en febreiro deste ano relativa ao río Mero, e cos acordos seguintes:

Primeiro: O concello desenvolverá, no prazo máximo de dous meses, unha campaña de recollida de ideas e propostas entre os veciños e institucións do noso concello, que servirá de base para a elaboración dun programa de actuación respecto do espazo natural do río Mero, respectando sempre o criterio prioritario de conservar ao máximo todo o seu valor ecolóxico.

Segundo: Rematado o anterior, constituirase unha comisión específica, integrada por membros da Corporación local e por veciños e entidades que tiveran colaborado activamente na fase de recollida de propostas, co fin de elaborar, nun prazo máximo de dous meses, un Plan de mellora e conservación do espazo natural do río Mero, que será sometido de inmediato á aprobación do pleno municipal, tentando recoller o meirande consenso posible.

Terceiro: Aprobado o devandito plan, o alcalde realizará as xestións necesarias para a realización e obtención do financiamento preciso para o mesmo, obtendo o apoio dos organismos públicos (Xunta de Galicia, Deputación Provincial, Confederación Hidrográfica, etc.) e privados que correspondan e dando conta ao Pleno do seu labor en cada un dos plenos ordinarios que celebre a Corporación.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, sinala que imaxina que haberán visto a prensa que saíu recentemente, o Metropolitano, onde xa se denunciaban estes feitos.

Di que se teñen posto en contacto con Augas de Galicia, que é o organismo que ten encomendada a dita competencia, para pedirlle que leve a cabo as obras necesarias de mellora, mantemento e conservación da senda fluvial do río Mero, porque entenden que é a Augas a quen se teñen que dirixir por ter encomendada a dita competencia.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, di que eles aquí piden máis que iso. Está ben poñerse en contacto con Augas e que fagan o que teñen que facer, que por certo non o están a facer, o río segue como está, e aqueles que van polo río ven que cada día teñen menos metros para andar por aí. Non o están a facer.

Pero á parte diso, UxC o que pedía, no punto primeiro, é que se desenvolvera no prazo máximo de dous meses unha campaña de recollida de ideas e propostas, entre os veciños e entidades. El cre que iso é interesante facelo, e non sabe se están a facelo ou non. Está ben que falen con Augas para que faga o que lle corresponde facer, pero á parte diso a moción ía máis aló, e queren saber se o están a facer ou non, porque xa están incumprindo con ela, xa que deran un prazo de dous meses.

Di que queren saber se o están a facer, ou se teñen pensado facelo.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que polo momento aínda non se puido levar a cabo, porque terían que facelo dende Urbanismo e non foi posible.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se teñen pensado facelo. Non foi posible, pero pregunta se teñen pensando cumprir cos acordos plenarios.

Toma a palabra o Sr. alcalde e di que sobre o de crear unha comisión, o Sr. García Patiño búscalles as cóxegas, e el entende que queira facelo. O Sr. voceiro proponlle ao Goberno crear unha comisión para facer unha recollida de ideas entre os veciños e as institucións do concello. A el parécelle moi ben, pero pregúntalle con que persoal, sobre unha actuación que ten que realizar Augas de Galicia, nun ben que é de Augas de Galicia.

Eles o que fixeron, dende que se aprobou a moción e tamén xa bastante antes, porque como o Sr. voceiro sabe a mellora do río Mero era un dos puntos que cre que a maioría levaba no seu programa electoral, foi esixir á Xunta de Galicia, concretamente ao organismo Augas de Galicia, e contando con outras administracións, que melloren ese espazo natural.

Pero di que o que non pode facer sen persoal, e cre que este Goberno non o vai facer, porque vai conseguir que Augas de Galicia faga o seu traballo, pero repite que o que non vai facer é crear comisións con persoal do que neste momento o concello non dispón, para facer actuacións que despois Augas de Galicia fará o que queira.

Ao que si están dispostos, e están participando, é ao desenvolvemento da actuación que vai facer Augas de Galicia no río Mero, iso si o están facendo, e cando llelo presenten traerállelo aquí para velo entre todos, pero comisións, non.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que el non intenta buscar as cóxegas, nin ao Sr. alcalde nin a ninguén, simplemente trouxeron unha moción a este pleno, aprobouse por maioría absoluta, e agora traen unha pregunta ao pleno, a de se ten o Goberno pensado levar a cabo a moción, si ou non. A comisión é o punto número dous, o punto número un di que desenvolvan publicidade, para que os veciños e as entidades poidan dar a súa opinión con respecto da mellora do río Mero, que logo haberá que esixirle á Augas de Galicia que o fagan, pero, dende logo, non lle van esixir a Augas de Galicia que mellore o río Mero como lle dea a gana, porque probablemente a gran maioría nin coñece o río.

Serán os veciños de Cambre e as entidades locais de Cambre as que digan que é o que queren do río Mero, e iso propoñerllo logo a Augas de Galicia, iso é o que UxC lle está a dicir ao Sr. alcalde, nada máis. O Sr. alcalde di que están colaborando, el e o seu grupo de goberno, preguntalle se o resto non pode, nin o resto da Corporación, nin o resto dos veciños de Cambre, polo que ve.

Di que UxC aquí o que está dando é participación a todo o mundo e logo o Sr. alcalde crea a comisión, que foi aprobada en pleno, e se non a quere crear non o fai, pero o primeiro é darlle a oportunidade aos veciños e ás entidades de Cambre, para que participen no desenvolvemento do río Mero, iso é o que están dicindo, non están buscando cóxegas, son feitos. Trouxeron unha moción, aprobouse, e estalles preguntando se a cumpren ou non a cumpren, nada máis.

O Sr. alcalde pídelles ao Sr. García Patiño que o perdoe, pero fixo un rogo, a concelleira respondeulle ao rogo, el volve retomar o rogo e, por terceira vez, volve repreguntar.

El entende o da publicidade, pero di que el tamén está agardando. O Sr. García Patiño, como concelleiro desta Corporación, dende a data que presentou esa moción, que foi aprobada pola maioría, el non ten visto que teña traído ningunha proposta ao Goberno.

Don Óscar Alfonso García Patiño preguntalle ao Sr. alcalde se ten aberto ese debate.

O Sr. alcalde contéstalle que si, que el sabe que o abriu, porque deste tema xa teñen falado. En todo caso, queda aberto neste momento, a partir de mañá agarda ter sobre a súa mesa propostas.

O voceiro de UxC pídelles que o publique na web e na prensa, non só para UxC.

O Sr. alcalde dille que el non publica e preguntalle se ten contestado ao seu rogo, si ou non. O rogo teno contestado.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que para el non é contestación, é crer que xa teñen contestado e xa está.

2º No pleno de xaneiro o noso grupo solicita información ao Goberno sobre un escrito presentado por rexistro e avalado con 200 firmas de veciños pola problemática existente cos lectores de tarxetas dos buses metropolitanos. O Sr. alcalde contesta que se lle trasladou o escrito á empresa ASICASA o 23 de xaneiro, e bríndase a facernos chegar unha copia do dito escrito, ao que UxC responde que si. Pregamos nos faga chegar ese escrito remitido á empresa por parte do concello e se nos pode informar se recibiu resposta.

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro de Deportes, Xuventude e Voluntariado, que ten atribuídas as competencias de transporte, explica que, efectivamente, deuse traslado do escrito e non teñen recibido resposta por escrito por parte da empresa.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, agradece que lle teña feito chegar o escrito, catro meses despois.

Don Fernando Caride Suárez recoñece que a data é do 27, pero de todas maneiras, como se di na pregunta, xa o Sr. alcalde no seu momento lle dixo que o escrito se lles tiña remitido e que toda a documentación estaba á súa disposición na Alcaldía.

Dona Elisa Pestonit Barreiros sinala que o que o Sr. alcalde lle dixo no pleno de xaneiro é que, se UxC quería, que lle facía chegar unha copia do escrito que o concello mandou á dita empresa. E eles o que estaban agardando, a resposta supoñía que aínda non tiña chegado por parte da empresa, pero o que estaban agardando era o escrito que se mandara por parte do concello.

3º No pleno pasado do mes de abril, o noso grupo municipal presentou unha moción respecto da vía Ártabra, esta foi aprobada pola maioría dos grupos. Na devandita moción solicitabamos:

Primeiro: Solicitalle que confirme que o proxecto vai licitarse baixo a hipótese de peaxe libre no ámbito de Catro Camiños, e coa previsión de continuidade da vía Ártabra ata a súa conexión coa A-6. É dicir, tendo en conta o xa formulado no seu momento polo Pleno do Concello de Cambre.

Segundo: Trasladar por parte do Concello de Cambre aos concellos limítrofes (Sada, Oleiros, Bergondo, Betanzos) a proposta de peaxe libre que defende o Concello de Cambre e invítalos a que fagan o mesmo.

Terceiro: Solicitar ao Sr. alcalde de Cambre que de forma urxente faga as xestións necesarias diante da consellería e formalice os compromisos que considere oportunos, para que o trazado se leve adiante coa solución de peaxe libre en Catro Camiños, sen que estes compromisos varíen o prazo previsto para a licitación.

Cuarto: Dada a urxencia e transcendencia que o asunto ten para Cambre, que se nos informe de forma urxente sobre as xestións realizadas e as respostas recibidas.

Dado que este pleno tivo lugar o 24 de abril e que a día de hoxe non temos coñecemento de ningunha xestión, solicitamos se nos informe das xestións realizadas.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, aclara ao dar lectura ao punto segundo da moción que nese punto recolleron tamén a idea ou proposta que fixo EU para transmitirlle a proposta ao Consorcio das Mariñas.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, explica que respecto do punto dous da moción, xa se deu traslado ao Consorcio As Mariñas.

Por outro lado, imaxínase que xa viron que saíu en prensa que se ten licitado a redacción do proxecto. O día 8 de maio, tanto o Sr. alcalde como ela mesma tiveron unha reunión coa directora xeral de infraestruturas, onde lle manifestaron e lle reiteraron a petición dunha peaxe libre no ámbito de Catro Camiños, e tamén lle solicitaron estar informados en todo momento, para poder facer as achegas

pertinentes unha vez que o dito proxecto teña sido contratado, e poder formar así parte da súa redacción e ir facendo as achegas que consideren oportunas.

A directora informoulles que recollíaa súa petición e que non vía problema en que poidan ir achegando esas ideas que se recollen na moción unha vez que xa estea contratada a redacción do proxecto.

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que esta moción non é nada novo, senón que foi aprobada por todos os grupos xa na anterior lexislatura, e nesta lexislatura polo menos unha vez, cre lembrar que en dúas. Polo tanto, el cre que a única idea que hai que transmitirle á consellería é a moción que aprobaron entre todos os grupos, para que fagan o que aprobaron entre todos.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 3/889 o día 23 de maio de 2014, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º O artigo 70 da LBRL establece o deber que pesa sobre os concellos de facilitar a efectiva participación dos veciños nos asuntos da vida pública local.

Pregamos se leven a cabo os mecanismos necesarios para que os cidadáns poidan intervir nos plenos municipais, establecendo unha quenda de rogos e preguntas para o público asistente, sobre asuntos de interese municipal, segundo o establecido no artigo 20 do RPC do concello.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, expón que se o que lle roga é que o informe sobre o que di o Regulamento de participación cidadá, xa supón que todos saben o que di ese regulamento, calquera cidadán que queira vir a este pleno e solicitar a súa intervención, ao finalizar o pleno o pode facer, con 24 horas de antelación, sen que o Goberno teña nada que facer. Di que isto esta aprobado no Regulamento de participación cidadá e o Goberno el pensa que non ten máis marxe para facer nada. Isto, se iso é o que lle quere rogar, se lle quere rogar outra cousa, pídelle que llo aclare.

Continúa dicindo que eles enviaron dúas notas de prensa, que se publicaron nos medios de comunicación para que todos os veciños tiveran información sobre este tema.

El pensa que tamén se lles comunicou polo menos ás directivas das asociacións para que o soberan. Se a xente non participa non será porque o equipo de goberno non llo permita, o permite o regulamento, non é unha decisión súa.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que os veciños carecen deste tipo de información. Hai moitísimos veciños que non saben que poden intervir ao final dos plenos.

En calquera caso, el cre que aos veciños hai que facilitarlles a posibilidade de que poidan intervir. Hai que dicirlle aos veciños como se regula iso, cre que habería que

informar e facer unha instancia, como hai moitísimas máis no Rexistro, unha instancia onde os veciños e veciñas poñan en que punto van intervir da orde do día. Cre que ten que haber unha clarificación, porque se poñen paus nas rodas, os veciños non van intervir.

Hai que facer un modelo de instancia que os veciños cubrirán e onde exporán sobre que queren intervir. Ese é un labor que lle corresponde ao equipo de goberno facelo, porque sen iso, malamente poden intervir nos plenos os veciños.

Hai que facilitarlles esa posibilidade, porque pregunta como fan para intervir nos plenos, se chegan aquí, levantan a man e interveñen. Canto tempo van intervir, haberá que informalos do tempo que van intervir.

Conclúe dicindo que carecen de información, porque isto ten que ter un protocolo de intervención.

Don Felipe Andreu Barallobre explica que cre que é o artigo 23 do Regulamento de participación cidadá o que recolle perfectamente como se ten que facer, canto tempo e a duración, en que momento do pleno son as intervencións.

Se o que o Sr. voceiro de EU lle quere pedir é que lle fagan máis publicidade, pois poderían estar dispostos a facelo, pero pídelle que non pretenda dicir aquí que lle están poñendo paus nas rodas, porque ese é un artigo que está vixente para quen o queira utilizar, ou se el ten interese en dicirlle a algún veciño que participe no pleno, pode facelo e ten todo o dereito. Eles non llo van impedir a ninguén, e se alguén dixo que eles lle impiden a alguén participar neste pleno ao abeiro deste artigo, non será certo. Non será certo porque non é verdade, e non é verdade porque ademais é que estarían incumprindo un regulamento no que eles votaron a prol.

Conclúe dicindo que eles están totalmente a prol. Se o que o Sr. Taibo lle quere dicir é que falta publicidade, haberá que facer máis publicidade, pero pídelle que non diga que eles poñen paus nas rodas para que a xente non interveña no pleno, porque iso non é certo, non é certo e o Sr. Taibo sabe que non é certo.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que parece que o Sr. Andreu non ten memoria, pero é que isto debe ser a terceira vez que se trata no pleno, que os veciños poidan intervir. A última vez o Sr. alcalde dixo aquí, e así constará en acta, que non tiña persoal e non tiña recursos para poder facilitarlle o que dixo da instancia e o labor de participación no pleno, iso díxoo o alcalde. Precisamente se lembra que dixo que o persoal que había era unha soa persoa e que estaba de baixa, e que, en función diso, que de momento non o ía facer.

A xente de Cambre é a idea que ten, carecen totalmente de información nese sentido, a xente carece de información, por iso non interveñen nos plenos.

Pregúntanlle cando se pode intervir nos plenos, pois será cando haxa unha pequena regulación e información suficiente para poder intervir. Iso é o que deberían facer. O Goberno o que ten que dar é información, sobre todo información. E xa dixo que a eles

contestáronlles que iso non se facía porque había carencia de persoal, iso foi o que lles contestaron en pleno.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el non ten a acta diante, nin se lembra de memoria, pero el cre que estaban tratando de poñer en marcha os consellos sectoriais, non a participación cidadá nos plenos, son dúas cousas diferentes. Poñer en marcha os consellos sectoriais é unha cousa, que a xente poida participar no pleno simplemente cunha pregunta, cubrindo unha instancia, el non puido dicir que non tiña persoal para iso, porque o persoal é o que está aí fóra, chega calquera veciño, presenta unha instancia, quere participar no pleno, o día anterior, ten unha pregunta, e pode facela no pleno, non ten ningún problema. Se falan de poñer en marcha os consellos sectoriais, iso é o outra cousa, pero revisará a acta, farao.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregúntalle se lembra, e todos se van lembrar, que incluso saíu aquí a debate que unha persoa tiña participado por un tema concreto, unha persoa si que participou, porque o Sr. alcalde dixo que, a maiores, como excepción lle deixou intervir. Como excepción, por un tema en concreto que foi o tema da gasoleira. O Sr. alcalde fixo unha excepción ese día.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para dicir que iso foi porque o presentara o mesmo día.

O Sr. alcalde manifesta que o Regulamento de participación cidadá aprobouse despois da intervención dese veciño, aprobouse despois neste pleno e, cando falaron dese asunto que o Sr. Taibo pon na súa boca, e el vai revisar a acta, iso de que non tiña persoal, foi cando falaron de poñer en marcha os consellos sectoriais. E puxeron en marcha o de benestar social, xa está en marcha.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que son cousas distintas.

O Sr. alcalde dille que para que a xente, os veciños, participen nun pleno con preguntas, non teñen ningún problema, nin fai falta persoal, porque o persoal está aí en Rexistro. Presentan un papel en Rexistro e poden intervir no pleno, segundo o artigo 20 do propio regulamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que no rogo pídese que se habiliten os mecanismos necesarios, e os mecanismos necesarios é o que el di, que se faga unha instancia, un modelo para poder participar. Iso é o que pon o rogo, que se faciliten os mecanismos necesarios, máis claro non pode estar, parécelle a el.

O Sr. alcalde manifesta que el recolle a súa iniciativa. Cunha instancia non ten ningún problema, dá igual, porque a instancia xa a hai feita, non ten ningún problema. Os mecanismos, é que el non sabe que outro tipo de mecanismos hai, non o sabe, se o Sr. Taibo llo di el recólleo. É máis, a el agradaríalle que os veciños participaran no pleno con preguntas, dille a verdade, sinceramente.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que, simplemente para terminar e para aclarar un pouco o debate, porque os veciños que están presentes igual pensan que non poden vir a facer preguntas. Calquera veciño que teña intención, e el díllelo aquí

directamente aos que están, calquera veciño que teña intención de intervir no pleno por un asunto que lle poida interesar, pola razón que sexa, o único que ten que facer é coller unha instancia xenérica no Rexistro municipal e solicitar a súa participación no seguinte pleno ordinario. El garántelles, a calquera que estea aquí, a pesar do que está dicindo o compañeiro Taibo, que terán todo o seu dereito de participar, de facer unha pregunta, aquí ao alcalde ou a calquera concelleiro, que lla terán que contestar tal e como poidan, tal e como fan ao resto dos grupos.

Di que teñan a total seguridade de que se pode facer, non poden dicir que lle están poñendo paus ás rodas, esa posibilidade existe, que a xente non a coñece porque ao mellor non teñen coñecemento do Regulamento de participación cidadá, el iso pensa que é responsabilidade de todos, do Goberno máis, que para iso son Goberno, pero de todos os membros desta Corporación, que para iso se aprobou por unanimidade o regulamento.

2º As festas de agosto en Cambre teñen recibido por parte dos veciños/as diversas críticas e rexeitamento sobre o modelo organizativo, que exclúe en gran medida ás distintas entidades cidadás sen ánimo de lucro do concello.

Considera o noso grupo que para ter unhas festas patronais que satisfagan aos veciños/as e á cidadanía que concorre a Cambre nestas datas, non é necesario realizar gastos desorbitados, sobre todo nun contexto de crise como o actual, senón que mediante a participación cidadá podemos obter resultados máis satisfactorios.

Somos conscientes de que a tarefa non é fácil, pero o Goberno e o conxunto da Corporación temos a obriga de facilitar aos veciños/as de Cambre poder intervir dun xeito máis directo, e sobre todo promovendo mecanismos de participación para poder facer propostas e achegar ideas.

O noso grupo xa ten cuestionado a este e a outros gobernos a ausencia das canles necesarias para incentivar e facer atractiva a participación en temas de interese público, neste caso “as festas de Cambre”. Chama a atención que a falta de escasos tres meses para as festas de Santa María en Cambre e o propio Rock in Cambre, e tendo en conta as experiencias anteriores, non se teña informado das previsións e organización dos eventos aos grupos da oposición e ao tecido asociativo para amosar as liñas organizativas e así corraxir problemas xurdidos en anos anteriores.

Polo exposto, pregamos nos informen sobre os programas das festas de Cambre, do Rock in Cambre, e se existiu ou existe colaboración e participación dos veciños/as na elaboración dos ditos programas.

Don Santiago Manuel Ríos Rama, concelleiro de Cultura e Turismo, explica que o programa das festas de Santa María deste ano farase público nos vindeiros días, porque actualmente está en contratación, agardan a que se termine esa fase e xa enseguida o farán público.

En canto á participación ou colaboración por parte dos veciños, todos os veciños ou representantes de asociacións que quixeron achegar algo foron escoitados pola súa concellería.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el cre que, evidentemente, se os veciños queren presentar unha suxestión, poden, as portas do concello están abertas.

Don Santiago Manuel Ríos Rama aclara que quere dicir que as suxestións que lles fixeron están engadidas, ou sexa, as suxestións feitas son achegas que se van ter en consideración á hora de elaborar o programa das festas de Cambre, non é soamente que os teña escoitado, senón que, o que sexa posible, vaise realizar.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que el referíase a se dalgunha maneira se estimulou a que a xente participara, tanto ás asociacións, como aos veciños. Se enviaron algunha notificación a asociacións, algún comunicado, porque di que el non viu en ningún sitio que o Concello de Cambre chamara aos veciños e veciñas á participación. Iso non o viu. Ao mellor, o Sr. concelleiro fixo algún tipo de comunicación, pero el sinceramente non a viu, e as queixas que eles teñen son que as festas de Cambre non son participativas.

Di que os comentarios das festas para eles este ano foron negativos. Existen diversas opinións, algunhas delas tamén positivas, non vai dicir que todo estivo mal pero, como dicían algúns veciños de Cambre, existiu un ambiente triste nas festas de Cambre. Por iso lle falou do tema da participación. As ideas que se poden achegar cre que poden ser positivas, tanto para o Goberno como para os propios veciños. Cre que existen moitas inquietudes entre veciños, así polo menos a eles llelo trasladaron e foi o motivo de presentar este rogo.

O Sr. concelleiro dille que houbo suxestións, pero el non tivo coñecemento de que se mandara nada a ningún tipo de asociación, ou que se fixera un chamamento aos veciños para poder participar nas festas de Cambre, incluso para poder participar na organización.

Don Santiago Manuel Ríos Rama manifesta que non se fixo ningún chamamento, aí ten razón, pero, de todas maneiras, el está sempre aberto a que calquera veciño ou calquera asociación cunha idea ou cunha suxestión en canto á festa, lla veña a comentar, e se é posible, engadila, como de feito así sucedeu coas asociacións que lles fixeron suxestións.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el cre que este tipo de cuestións deberían de facerse públicas, xa o dixo máis veces neste pleno, seguramente o Sr. concelleiro ía ter moitas achegas. Neste caso, para evitar todas estas cuestións, porque estíbese referindo ás festas de Cambre pero pódese ampliar ás festas das distintas parroquias, bota de menos que non haxa, e agarda que algún día o haxa, un regulamento, un consello sectorial de festas, onde poidan participar o conxunto de todas as parroquias, porque ademais, a partir de agora o van ter bastante difícil para organizar as súas propias festas, isto motivado na nova normativa existente e a documentación en temas de seguridade.

El o que lle pide ao Sr. concelleiro é que, na medida do posible, chame á participación aos veciños.

Por outra parte, o concelleiro falou do programa das festas, que se vai facer público, e preguntalle por que non lles di agora aquí que programa vai haber nas festas de Cambre e no Rock in Cambre, como lle pide no rogo, porque dille unha cousa, moitísima xente xa o sabe. Moita xente xa o sabe, e agora o concelleiro dille a el que non é público neste concello o programa das festas de Cambre.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que non o sabe.

Don Luis Miguel Taibo Casás preguntalle que como que non o sabe.

Don Santiago Manuel Ríos Rama di que público non é, porque el non o dixo.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se non é público entre o persoal deste concello, entre o propio Goberno e funcionarios deste concello.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que porque é un expediente de contratación, outra cousa é que se poida facer público.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que hai un expediente de contratación, pero el é membro da oposición e concelleiro de Cambre, e por iso se interesa en cal vai ser o programa das festas do concello.

O Sr. alcalde pide orde aos concelleiros. Dille ao voceiro de EU que el fixo un rogo, e pide que non cambie o tema, el fixo un rogo, o Sr. concelleiro contestoulle ao rogo e el agora inicia unha discusión sobre se xa se coñece publicamente o programa das festas de Cambre. Pois di que se xa se coñece non será por boca do concelleiro, porque acáballe de dicir que está en contratación. Entón, todo o que poidan escoitar será un bulo mentres non se contrate, ou chegaríalle por unha filtración por parte doutras persoas do concello. Contestoulle o Sr. concelleiro e cre que lle contestou ben, contestoulle ao rogo, se quere facer outro rogo, pide que llo diga, pero este rogo el cre que xa llo contestou.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que, para rematar xa, se el fai este rogo é porque os veciños lle están dicindo as actuacións que van vir nas festas de Cambre, e preguntanlle como se é concelleiro el non o sabe e eles que son veciños de Cambre si o saben.

Pídelles que lle digan como se filtran estas cousas. El é concelleiro, representante dos veciños e non o sabe, e moitísima xente de Cambre o sabe. Ao mellor estalle a mentir a el tamén.

O Sr. alcalde dille ao voceiro de EU se el lle preguntou ao Sr. concelleiro, igual que lle preguntou ao veciño, o tema de cal era o programa.

Don Luis Miguel Taibo Casas dille que está preguntando aquí no pleno, que é o sitio onde ten que preguntar.

O Sr. alcalde manifesta que el cre que o rogo xa está contestado e pídelles que pase ao número tres.

3º Veciños da zona próxima a Vila Concepción comunicannos que as árbores que se atopan nas inmediacións da vila, colocadas ao longo da beirarrúa como parte das obras de restauración deste edificio, non están sendo regadas e coidadas tal e como se debe facer.

Pregamos se nos informe desta situación e en que medida consta que as ditas árbores están sendo correctamente atendidas.

Don Santiago Manuel Ríos Rama manifesta que supón que se refiren ás árbores que están ao carón da nacional, as que están ao longo do parque. Di que esas árbores están sendo atendidas actualmente, a empresa de xardinería xa foi esta semana a miralas.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que saben que están atendidas. Cando se redactou este rogo foi precisamente cando se lles fixo constar, e ela pasou por alí hai unhas horas e efectivamente están atendidas. O que ocorre é que en moitas ocasións este tipo de rogos puntuais, sobre asuntos concretos, neste caso esas árbores de Vila Concepción, forman parte dun contexto, e saben que ao pleno desta Corporación, nos tres anos que levan, trouxeron múltiples, e cando di múltiples son centos e centos de rogos e preguntas relacionados con zonas verdes.

Sabendo que si que está solucionado o tema desas árbores concretas, quere indicar que forma parte dun contexto, isto en relación co que dicía o Sr. alcalde, que leva días, concretamente este mes, falando en pleno e por suposto tamén na prensa, da responsabilidade, da responsabilidade e da responsabilidade. É unha palabra que levan escoitando durante este mes de maio en moitísimas ocasións, e claro, responsabilidade é a de todos, porque a empresa que está levando o mantemento de zonas verdes e que foi a regar estas árbores, como é o seu cometido, ten un contrato en precario, segue sen contrato neste concello.

Están falando da responsabilidade que lles pedía o Sr. alcalde, de medio millón de euros practicamente. Unha partida para mantemento de zonas verdes, conservación de xardíns, investimentos e acondicionamento de parques e xardíns de medio millón de euros. E concretamente esa empresa está sen contrato, levan tres anos neste Goberno e segue estando en precario, non foi quen o equipo do Sr. alcalde, dentro da súa responsabilidade, non da deles, de facer unha contratación.

Di que seguramente o Concello de Cambre está perdendo moito diñeiro. En todo caso, falan deste tema, non se vai ir polos cerros de Úbeda, están falando de zonas verdes, porque ese é o rogo e ese é o asunto que expoñen e seguramente se estea perdendo moitísimo diñeiro, porque é unha empresa que non ten contrato.

Xa tamén co Sr. Marante ela tivo a oportunidade, xa hai bastantes meses, podería dicir que case anos, de falar e debater respecto daqueles elementos ornamentais que había nos soportes para testos que se perderon, que chegaron a secarse e que este concello tivo que repoñer de novo, por falta de mantemento. E non se pode esixir unha

responsabilidade a unha empresa que non ten contrato e que está en precario, de xeito que, nese caso concreto, e ademais lembra que fora con el precisamente porque eran uns elementos moi bonitos, por certo, e non baratos, tamén por certo, e tiveron que repoñerse por deixamento e porque chegaron a secarse nos testos nos que estaban colocados.

De modo que, falando de responsabilidade, pídelles ao Sr. alcalde que tome nota deste asunto e que faga uso da súa.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, manifesta que el cre que explicou así por riba, o venres pasado no pleno, cal era o motivo polo cal non estaba feito o contrato de mantemento de zonas verdes. Cre que o deixou perfectamente claro.

Cando este Goberno empezou hai tres anos a súa andanza, efectivamente ese contrato era un dos que estaba en precario. Déronse ordes para que se sacara para adiante o antes posible, porque el tamén está totalmente de acordo con eles en que ten que sacarse o antes posible.

Nese prego que se elaborou ían zonas que el entendía que non debería mantelas o concello, como era o cemiterio de Andeiro ou o cemiterio de Brexo, que estaban recollidos aí para mantemento. Outros cemiterios parroquiais ao longo do concello, pola contra, non estaban recollidos, e para el é todos ou ningún. Iso non lle parecía correcto. Realmente parece ser que o de Brexo xa o estaban mantendo os veciños, pero aí estaba igual no prego.

Tamén había algunha zona no Temple, superficies que estaban aí metidas, que non se correspondían coa realidade da zona verde. Mandouse que se actualizara o antes posible, e agardar á actualización do Inventario de bens municipais para poder facer un prego con garantías de que o que se vai contratar realmente se pode contratar. De momento, mañá teñen unha reunión para ver o avance de todo este tipo de cousas, igual que co dos camiños con este tema, para ver se o sacan canto antes para poder levar á práctica o contrato.

Pero hai moitas zonas, efectivamente, que se están incluíndo dunha forma irregular, en realidade todas, porque está sen contrato en vigor. Están tratando de resolver o problema o antes posible, pero el cre que todos son conscientes de que haberá que contratar o que realmente é municipal, con todas as achegas que se foron facendo en zonas onde se ampliaron zonas verdes, por edificios que se foron facendo, porque este contrato leva en precario uns 14 ou 15 anos.

Conclúe dicindo que el mantén o máximo interese en que iso se resolva, pero quere que se resolva da maneira que ten que resolverse, dunha maneira clara que resolva os problemas.

Dona M^a Olga Santos López dille ao Sr. Marante se sabe que ata o contrato do matrimonio ten posibilidade de extinción e modificación. Calquera contrato é susceptible de ser modificado.

Isto que lles expón, sendo totalmente certo e estando totalmente de acordo con que é necesario, non soamente por este contrato, senón porque é necesario que teñan un inventario de camiños no Concello de Cambre, non exime de poder celebrar un contrato cunha compañía, cunha empresa concreta, e non exime de incluír nese contrato unha determinada cláusula. Todos saben que existen distintas fórmulas para incluír determinadas cláusulas que deixen fóra ou que inclúan, á espera e a expensas da realización dese inventario, a parte coa que ten que cumprir esa empresa. Os contratos non se formalizan de por vida, un contrato permite modificacións e permite variacións.

Se na vontade do equipo de goberno estivera formalizar esta situación, porque é moi importante o dato, son case medio millón de euros, se na vontade do equipo de goberno estivera formalizar esta situación, poderíase ter feito un contrato con determinadas características, susceptible de modificación unha vez realizado o inventario de camiños.

Reitera que entenden o que lles está indicando, pero non é escusa para non ter formalizado un contrato cunhas determinadas características, que acollera polo menos unha obriga para determinadas zonas que si saben que son públicas e que non están sendo mantidas como teñen que ser, e que lles está custando diñeiro ás arcas municipais porque teñen que repoñer elementos que por deixamento e por non ter esa contratación formalizada non están sendo atendidos. Di que ese é o motivo da súa petición.

Don Manuel Marante Gómez sinala que están de acordo, pero que seguramente se fixeran o contrato en precario e quedarán por aí moitos flocos, e terían que quedar moitos flocos se van soamente a aquilo que estritamente é público, entón o que lles dirían é que clase de contrato firmaron. Ou sexa, se o fan dunha maneira, malo, se o fan doutra peor.

Di que el quere que se faga correctamente e ben feito, e que se faga coa realidade do Inventario de bens do Concello de Cambre. Se non estaba ben feito, houbo tempo tamén outros anos de facelo, e reitera que están intentando sacalo coa máxima celeridade, de verdade. El quere facer as cousas polo ben de todos, non polo ben do Goberno nin de ninguén, polo ben de todos e polo ben dos veciños, facelo o antes posible. Hai algúns problemas por aí en cousas puntuais, pero tratan de ir resolvéndoos tamén dalgunha maneira, digamos que daquela forma.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que precisamente ao fío do comentario do Sr. Marante, o seu grupo xa fixo e reiterou en ocasións varias preguntas sobre o tema. Non saben o contido da reunión de mañá, pero pregunta que pasa co Inventario de camiños. A empresa hai máis dun ano que o ten presentado e terminado neste concello.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao concelleiro socialista que el deixouno intervir nun rogo que é de EU, pero el está facendo agora outra pregunta, fai unha pregunta sobre o Inventario de camiños.

Don José Manuel Lemos Seoane sinala que ao fío do comentario do Sr. Marante.

O Sr. alcalde dille que non, que ao fío non, porque mañá, ou dentro dun anaco, fai unha pregunta sobre outra actuación.

Di que, para acabar co tema, el entende que hai un contrato en precario, e cre que o explicou claro o Sr. Marante. Eles queren ter o expediente do inventario de todos os bens que ten o concello e sacar o contrato, canto antes, do tema de parques e xardíns.

El non quixo intervir, pero a consecuencia deste rogo sobre as árbores que non foron tratadas na N-VI, dilles que saben que recibiron a Casa da Cultura no mes de xullo do ano pasado, cos seus xardíns, que loxicamente non están contratados dentro do contrato de mantemento de xardíns. Ben, pois ao mellor é que se lles esqueceu incluír a N-VI, que non o sabe, igual se lles esqueceu incluíla, pero teñen que ir contratando paso a paso. Por iso, di que este Goberno é o máis interesado en sacar ese contrato canto antes e, ao mesmo tempo, o inventario. E el asegúralle que vai ser moi pronto, asegúrallo.

3.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/3678 o día 24 de maio de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O día 5 de abril pasado este grupo presentou escrito no que instaba ao Goberno municipal a poñer en marcha a devolución dos importes pagados polo concepto de céntimo sanitario no consumo de combustible da flota municipal de vehículos, en aplicación da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea que considerou este tributo como contrario ao dereito comunitario.

Tendo en conta que dende a citada data non se tivo ningunha contestación ao solicitado, este grupo pregunta:

Qué xestións se teñen feito para poñer en marcha o procedemento de reclamación da devolución do indebidamente abonado polo concepto de céntimo sanitario?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, que dá lectura a esta pregunta, aclara que en concreto nese escrito presentado o 5 de abril pedíase que se instara á devolución dos importes aboados polo consumo de combustible do parque municipal de vehículos dos últimos catro anos, que era o período que en principio se podía reclamar, por canto non estaría prescrito, e tamén que se avalíe a posibilidade de ampliar esa reclamación a todo o período impositivo en que estivo en vigor ese tributo, tendo en conta que podería caber a posibilidade de que se fixera unha reclamación de responsabilidade patrimonial das administracións públicas por poñer en marcha un tributo que despois resultou ser ilegal, ou contrario a dereito.

Di que tamén, nese mesmo escrito, pedían que o Goberno municipal habilitara os mecanismos necesarios para informar aos particulares, a gandeiros, a transportistas, a

autónomos e a empresarios do concello, sobre os pasos a seguir para reclamar a devolución.

Dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo, contesta que o día 5, efectivamente, recibíuse o escrito. Ela persoalmente deulle traslado á Secretaría do concello e entende, debe entender, que algún trámite se terá feito, se non completo, si parcial. Di que o que non lle pode contestar neste momento é exactamente no punto no que está, porque a persoa que foi a depositaria do escrito ata o luns non vai estar aquí. A partir do luns poderá darlle unha resposta máis concreta do trámite ou do punto no que agora mesmo se atopa.

Don Augusto Rey Moreno agradécelle a resposta, pero di que lle parece que un tema desta transcendencia tería que tela levado a ela a facer incluso xa unha estimación do que lles consta que pode reclamar o concello inmediatamente e poñer en marcha ese procedemento. Non cre que, tendo en conta que este escrito se presentou o 5 de abril e están a finais de maio, non teña máis información que a que lle está transmitindo.

Conclúe dicindo que a urxe a que lle transmita esa información o máis rápido posible e, dende logo, non considera moi procedente a súa contestación. Están falando de fondos municipais, están falando dunha reclamación que pode resultar importante na contía, e por iso lle esixe a absoluta celeridade e a maior información que lle poida transmitir, iso é o que se deriva desta pregunta.

2^a Un veciño de Altamira ten manifestado ao Goberno municipal a súa vontade de ceder parte do seu terreo para ampliar o camiño de Anceis a Altamira, á altura do que fora campo de fútbol das Baleas. Pasado o tempo non se ten feito nada ao respecto.

Por iso este grupo pregunta:

Cando se ten previsto levar a cabo os traballos de ocupación do terreo cedido, así como de ampliación do referido viario?

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que incluso ata o veciño ten estaquillado xa a zona que estaría disposto a ceder.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que a estaquillaron eles co veciño, o que pasa é que esa obra quere facela coa brigada de obras. A idea era facela xa o ano pasado se viña xente do INEM, do convenio coas corporacións locais, como viña habitualmente, acometer esa obra e algunha outra máis que está pendente por aí. O persoal que veu o ano pasado, veu por media xornada, catro meses, e estiveron reparando na zona da urbanización da Barcala e O Temple, zonas fundamentalmente de beirarrúas que estaban levantadas, en mal estado. Con todo iso non dou tempo a facer ese muro e facer un muro de contención na zona. Agarda que este verán, se vén un pouco máis de xente con ese convenio, poder afrontar a obra. Hai que facer un muro de contención, e teñen o máximo interese tamén en darlle o ancho que ese veciño lles cedeu.

Don Augusto Rey Moreno pregunta se, polo menos, está documentada a cesión.

Don Manuel Marante Gómez contesta que si, dende o principio.

3ª Resulta lamentable o mal estado no que se atopa o Camiño Inglés ao seu paso por Anceis. Grandes e profundas fochancas pódense atopar ao longo de todo este tramo. Estas deficiencias, ademais de dar unha moi mala imaxe do noso concello aos peregrinos que o utilizan, producen serios trastornos a peóns e, sobre todo, aos vehículos dos veciños que alí viven e o utilizan.

Por todo isto, este grupo pregunta:

Cando se van reparar as deficiencias denunciadas e deixar este viario nas debidas condicións?

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que neste camiño efectivamente este inverno houbo bastantes problemas. A parte que ten aglomerada, ao final, iso estivo a brigada repasándoa. Hai que aglomeralo completo, porque está totalmente desfeito, estivo a brigada tapando aquelas fochancas máis grandes para que, máis ou menos, poidan pasar os vehículos. Iso na parte aglomerada.

Na parte que está de zahorra, este inverno algún veciño desviou a auga que tiña que vir por unha escorrentía, que a levou sempre, e a desviaron. Botárona por ese camiño de zahorra, onde collía a pendente cara ás casas de Anceis, houbo problemas incluso nalgunhas casas, que lles entrou o barro para dentro e fixo unhas fochancas tremendas.

Ese tema resolveuse rapidamente, tan pronto como tiveron coñecemento, e canalizáronse as augas por onde tiñan que ir, pero o camiño estragouse. Ata o momento, practicamente chovendo seguido, non puideron meterlle zahorra, porque se lle meten zahorra forman outra lameira. Todos agardan que co bo tempo poidan resolver o tema e que quede o mellor posible.

Dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, ánimoaos a que o reparen canto antes, pola importancia e transcendencia do Camiño Inglés e polas posibilidades que podería dar para o concello a súa promoción.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/3683 o día 24 de maio de 2014.

1ª Veciños de Cambre poñen en coñecemento do noso grupo a problemática existente na rúa Acaroadá, debido a que os coches aparcan enriba da beirarrúa e os peóns teñen que circular pola estrada. Preguntamos se teñen pensado algunha actuación na dita rúa.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que, efectivamente, aí hai veciños que aparcan enriba da estrada, fundamentalmente aqueles que van ao súper que hai aí. Eles o que poden é mandar á Policía e que controle iso por aí.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, concelleira de UxC, sinala que se queixan máis os da parte de alá que os de aquí, ou sexa, xente que vive aí e que aparca na estrada e na beirarrúa. É moi estreito, o Sr. Marante o sabe, e para pasar por alí algo habería que facer.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el pasa por alí con bastante frecuencia.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez dille que a xente que vén á compra tense que meter na calzada.

Don Manuel Marante Gómez di que claro, porque outros aparcan enriba da beirarrúa, porque é estreito.

A Sra. concelleira de UxC dille que alí aínda é máis ancho, máis estreito é atrás.

O Sr. alcalde rógalles que respecten a quenda, porque isto é unha pregunta, unha resposta.

Don Manuel Marante Gómez di que pasando máis adiante os coches normalmente aparcan na beira da estrada, tanto basicamente na que sube cara a Penouviña, como nun anaco vindo cara a Cambre. Pero despois, enriba da beirarrúa, el ve algunhas veces que pasa por aí efectivamente a algún aparcando na beirarrúa, pero pensa que está no súper. Eles o que poden facer é mandar por alí á Policía a que controle un pouco o tema, pero el non sabe se iso é o que UxC quere, porque outra solución alí, é estreito, pregunta que lle fan.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez suxire dirección única.

Don Manuel Marante Gómez dille que ben se queren dirección única. Pregunta se eles propoñen dirección única alí, se propoñen que se lle poña unha dirección única. Se o propoñen eles...

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez manifesta que ela pregúntalle por unha solución, porque a xente pregunta.

Don Manuel Marante Gómez di que está ben, el o que lles di é que se UxC propón que se poña dirección única, despois que non veñan con problemas de que se os veciños protestan, que están afeitos a non sei que, e a non sei canto.

Se UxC propón que se poña dirección única, el non ten ningún problema en poñer dous sinais, pero despois dilles que non veñan con historias. Se o propoñen, el pónlles. En poñer un sinal de dirección única non ten problema ningún.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez dille que, polo menos, que vaia a Policía a ver se mellora así.

Don Manuel Marante Gómez di que de acordo.

2ª Na rúa As Rúas a iluminación pública apaga as 00:00 horas, e prende en numerosos días pola mañá e bota o día acendida. Preguntamos se tiñan coñecemento disto e nese caso se fixeron algo ao respecto.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro de Obras e Servizos, contesta que nestes últimos días non teñen coñecemento de que haxa pasado iso. Non sabe se algunha vez pasou e se resolveu. Se está pasando agora, eles coñecemento dende logo non teñen.

De todos modos, a raíz desta pregunta, pasou aviso á empresa adxudicataria do mantemento, para que revise aquilo a ver se efectivamente hai algún problema. Pero coñecemento, no que é en Obras e Servizos non tiñan, e a empresa tampouco.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez sinala que hai, máis ou menos, sobre tres meses que está ocorrendo iso.

Don Manuel Marante Gómez pregunta se fala de que está prendida de día, todo o día.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez aclara que non todos os días, algúns días.

Don Manuel Marante Gómez sinala que iso, se a empresa non sabe nada, iso é que anda manipulando alguén nos cadros de mando, porque, claro, se andan manipulando nos cadros de mando, prenden hoxe, cámbiancha, modifícancha, mañá pónencha outra vez e se non avisan, é así. O normal é que se é unha avaría, que sexa continua, se é por un problema, ou quedan prendidas ou se apagan. Se andan un día si e outro non, e aquí non saben nada, seguramente que será algún gracioso.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez dille que iso pódese vixiar.

Don Manuel Marante Gómez dille que si, que pódennlle poñer un garda alí todo o día.

Dona Mª Eugenia Mantiñán Méndez dille que de vez en cando, porque a luz págana todos os veciños.

Don Manuel Marante Gómez sinala que si, que o que anda facendo a mona vaino facer cando vexa á Policía.

A concelleira de UxC reitera que a luz págana todos.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pide un pouco de educación.

O Sr. alcalde toma a palabra para pedir orde. Pídelle ao Sr. Marante que agarde un momento e dilles que estas cousas ocorren porque os señores concelleiros non respectan as quendas, aproban regulamentos e despois non respectan as quendas.

Di que unha pregunta é unha pregunta. A concelleira de UxC fai unha pregunta e o concelleiro do equipo de goberno responde, o concelleiro responde e ela fai outra pregunta, volve respondela e ela volve facer unha terceira pregunta. El rógalles que respecten as quendas e dilles que verán como non ocorre nada disto.

Roga por favor que haxa un pouco máis de educación nese sentido, rógallo a todos.

Di que supón que a pregunta que a Sra. concelleira fixo xa lle quedou contestada. O concelleiro díxolle perfectamente que pode ser debido a unha avaría e que, se non é debido a unha avaría, que se chama a empresa de mantemento e vai, se non vai á hora vai ás dúas horas e soluciona o problema. Agora, se hai un gracioso tocando as narices, como houbo noutros sitios que el sabe, e están intentando collelo, e leva un mes facendo o mesmo, pregúntalle que quere que lle diga. Están intentando collelo. É como o que fai as pintadas nas paredes e non o dan collido, porque hai veces que non se dá collido.

Di que, como ela comprenderá, non é agradable para ningún concello, nin para o concelleiro tampouco, que isto suceda nunha rúa, no Temple, que estea sucedendo iso e que lle diga ela que leva tres meses. Non é normal. El investigará o tema, dende logo, por se son tres meses, e vaille pedir á empresa de mantemento que lle faga un informe do tema.

Dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez manifesta que ela cre que non falou mal, e o que lle dixo era en resposta de que vixiara, pero non pretendía que o concelleiro lle contestara como lle contestou. Ela cre que se dá unha volta por alí de vez en cando, ou os municipais, e comprobán en realidade o que ela puxo na pregunta, non comete un grave problema.

O Sr. alcalde dille que está de acordo.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que pide desculpas, ao mellor, pola forma de expresarse. El entendeu que lle quixera dicir que vixiaran o centro de mando para que ninguén estivera alí, e iso, ou están alí continuamente ou se non o que se dedica a estar facendo este tipo de falcatruadas está claro que non vai facelo cando pase a Policía, iso está claro.

El referíase a iso, e reitera que pide desculpas porque ao mellor expresouse mal.

3^a Rematado o prazo de alegacións da ordenanza de terrazas, preguntamos o número de alegacións ou suxestións presentadas por parte dos hostaleiros deste concello.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira de UxC, engade que, no caso de que houbera algunha alegación por parte dos hostaleiros, solicita que se poden llelas fagan chegar.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que en total houbo sete suxestións, das cales dúas pertencen a hostaleiros do Concello de Cambre e unha á Asociación de Empresarios. Di que non hai ningún problema en facérllelas chegar.

Antes de pasar ás preguntas presentadas por EU, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, informa ao Sr. alcalde de que os semáforos da Pena, en Sigrás, están dende o domingo sen funcionar en dirección á Pena e á Xira. Di que están correndo un

risco altísimo alí, porque o resto dos semáforos, os outros tres, funcionan e ese non, entón, cando saen de aí, hoxe mesmo estivo a punto de haber un grave accidente.

O Sr. alcalde dille que o sabe e que xa avisaron a Estradas, quen quedou de avisar á empresa de mantemento, porque iso lle corresponde a Fomento. Na N-550 xa saben que un coche os levou por diante o domingo.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 3/889 o día 23 de maio de 2014, xunto cos rogos presentados para este pleno.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, sinala que respecto da primeira pregunta, con independencia de que xa está en funcionamento o servizo polo que preguntan, se non lles importa vai darlle lectura, porque parécelles un tema interesante polo menos de clarificar no pleno.

1^a Transcorridos xa seis meses dende que o Pleno da Corporación aprobara a celebración dun convenio para o uso compartido da sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña, na páxina web do Concello de Cambre, aínda a día de hoxe, aparece que o acceso á sede electrónica está en construción.

Poden informarnos para cando poderemos usar os veciños a tan necesaria ferramenta da administración electrónica?

Dona M^a Olga Santos López indica que nas comisións deste pasado martes, xa o voceiro Sr. Andreu lles indicaba que precisamente hoxe era o día que estaba prevista a posta en funcionamento da sede electrónica do Concello de Cambre.

Efectivamente está funcionando correctamente. É unha ferramenta que eles entenden moi útil para todos os veciños, algo absolutamente necesario nun concello da envergadura do Concello de Cambre de 25000 veciños, e a cantidade de xestións que se poden facer abarcan un amplo abano de necesidades que se lle presentan aos veciños, dende presentación de recursos a peticións de subvencións.

Di que é unha páxina que aparece bastante clara, non é unha páxina enleada e, en relación con este tema, tamén indicar que quizais non estaría de máis, non sabe se xa o teñen previsto, pode ser que si e que se estea adiantando, informar aos veciños deste mecanismo, desta ferramenta que está á súa disposición e que pode, incluso, facer descansar un pouco aos funcionarios do concello en relación a todas esas peticións, que non se teñan que realizar fisicamente e si utilizando a ferramenta.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que a curto prazo seguramente o que fará será xerarlle unha carga puntual de máis traballo aos traballadores, porque se teñen que adaptar á nova ferramenta, pero despois el está totalmente seguro de que mellorará bastante a xestión do concello. Ese é un pouco o traballo que estaban intentando facer, tendo en conta que ademais teñen serias limitacións na contratación de persoal.

A idea que eles teñen, como xa se dixo na prensa tamén, e cre que nas comisións, se non o dixo pide perdón porque se esqueceu, aínda que pensa que si o dixo, é facer reunións informativas en todas as parroquias do concello. Van facer publicidade por medio de carteis, xa se fixo na prensa, supón que o lerían onte, e cre que xa se avisou a todas as directivas das asociacións.

Ademais diso, como para facer estas charlas queren facer un tríptico, el pensou que era oportuno facer o tríptico para todos os veciños, e vánllelo enviar a todos os domicilios do Concello de Cambre. Un tríptico informando de que este servizo está xa en funcionamento e dos requisitos que teñen que cumprir para poder utilizalo, e as vantaxes que ten.

2ª Na páxina web do concello hai un apartado no que aparece a configuración da Corporación Municipal e unicamente aparecen datos de contacto do equipo de goberno, como non podía ser doutra forma, e dun dos grupos da oposición.

Poderían indicarnos por que motivo non se fan constar datos de contacto, neste caso do noso grupo municipal? Poderían ter a ben poñer os datos de contacto tanto telefónicos como correos electrónicos e páxina web de EU?

Dona Mª Olga Santos López, concelleira de EU, puntualiza que este luns, se non se equivoca, recibiron un correo da Alcaldía pedindo a información de contacto que queren que se faga constar na páxina web. Isto foi o luns e di que eles mañá enviaranlle esa información a Alcaldía, para que a fagan constar.

Aínda así, si que lles gustaría, informando de que se lles solicitou este luns a información e que a van mandar, si que lles gustaría que se contestara igualmente á pregunta. Por que motivo ata o de agora non constaron os datos, concretamente do grupo municipal de EU, aínda que entende que aos outros grupos tamén lles interesará sabelo, cando aparece, como todos saben, a configuración da Corporación municipal, co equipo de goberno e os distintos grupos. Ademais vese que está baleiro e que faltan os datos de contacto. Libre de suspicacia, pero casualmente faltan os datos de contacto dos grupos da oposición, agás de un.

Don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, contesta que un dos grupos solicitou expresamente que se incluíran os datos, e incluíronse cando os fixo chegar, ese é o único motivo de que estean.

Supón que todos, se tiveron a oportunidade de consultar a nova páxina web, verán que o volume de información, de nova información, con respecto da anterior é bastante grande, de feito foi un traballo de moitos meses, de máis dun ano, que ao final se puxo en funcionamento un pouco tamén pensando nesta plataforma dixital de sede electrónica que tiñan pensado poñer en funcionamento.

Di que hai cousas que quedan, de feito vailles dicir para que o saiban tamén, que hai algún erro nos procedementos que están incluídos, nos trámites administrativos, porque está todo o catálogo de procedementos administrativos. Hai algún erro e xa están dadas as ordes tamén para que se modifique.

Este foi un, seguramente por un despiste, pero a raíz desta pregunta xa se deu orde para que mandaran ese correo electrónico e que se actualicen á maior brevidade, porque ese é o interese que ten unha páxina web, que dea información a todos os veciños, incluído tamén a dos grupos da oposición e de todo o que pase dentro deste concello, de feito hai unha sección tamén para as asociacións, onde están todos os datos de contacto das asociacións do concello.

Dona M^a Olga Santos López sinala que sobre todo tamén se teñen en conta que teñen contratado a un persoal de libre designación, a un asesor, que dentro das súas funcións ten o mantemento da páxina web do concello. Quérelle dicir con isto que sería interesante que tiveran en conta este tipo de erros, ou por poñer nomes, estivo ata hai un ano e pico a cara de Tonecho, aínda na páxina web.

Indica que non é que a ela lle pareza mal, nin moito menos, pero como comentario.

O Sr. alcalde manifesta que, polo que lle dixo a Sra. concelleira do asesor, hai uns meses, non pode confirmarlle agora, pero hai uns meses, o seu asesor díxolle que tiña mandado un correo a todos os grupos para incluílos na páxina web. Que non lle mandaran os datos, iso foi o que lle dixo. Este luns volveron repetir o correo, ademais fíxoo o propio asesor.

Ante as manifestacións dos concelleiros presentes, o Sr. alcalde di que se non foi a eles, que lles pide perdón. Pregunta se cando o grupo socialista veu aquí a pedir que se incluíra ao seu grupo na páxina web, se foi de motu propio ou se foi por un correo.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que de motu propio.

O Sr. alcalde di que, entón, a información que ten é mala, pero que como todos comprenderán o Goberno non ten ningún interese en que os grupos non aparezan na web, todo o contrario, deben aparecer, e con pelos e sinais, os que queiran eles.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que xa que están neste diálogo tan construtivo, e neste ánimo que teñen de actualizar os datos da páxina web, dicirlles que aparecen as asistencias dos grupos da oposición, pero non os salarios dos concelleiros do Goberno. Tamén é un dato importante a coñecer pola veciñanza, e di isto como achega tamén, unicamente.

O Sr. alcalde di que non ten inconveniente en publicar a nómina.

Dona M^a Olga Santos López sinala que as súas asistencias e o que cobran mensualmente os concelleiros da oposición, si que aparece.

O Sr. alcalde dille que de acordo e que pasen a pregunta número tres.

3^a A proposta do noso grupo municipal en Cambre está institucionalizado o “Día da festa da árbore”. O noso grupo non tivo coñecemento de ningunha iniciativa por parte do concello da celebración dalgún acto encamiñado a promover valores de respecto á natureza e do indispensable papel das árbores no mantemento do ecosistema, do mesmo xeito, sobre a celebración no concello da festa tradicional do “Día da árbore”.

Cales foron os motivos para non realizar ningún acto na dita data?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que se realizaron dous actos, un deles no colexio de Brexo-Lema e outro no colexio de Sigrás. Os ditos actos consistían na plantación de exemplares de castaño en colaboración cos alumnos de ambos centros.

A plantación fíxose, o que non puideron foi asistir os alumnos debido ás condicións climatolóxicas dese día. Estaba chovendo e non asistiron, pero si que se fixo a plantación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, agradece a resposta e dille á Sra. concelleira que eles non tiveron coñecemento de que se ía proceder á plantación deses árbores, porque senón ao mellor asistían, como asistiron algún outro ano. Pregunta cal foi o día para facer este acto.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que, se non lembra mal, foi o propio Día da árbore, o 21 de marzo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e corenta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

M^a Fernanda Montero Carré